



Facultade de Ciencias da Educación

Traballo de
fin de grao

Separación e divorcio.
Repercusións no
ámbito escolar na
etapa de Educación
Infantil

M^a Jesús Vázquez Penedo

Xuño 2017

**Separación e divorcio. Repercusións no ámbito escolar
na etapa de Educación Infantil**

**Separación y divorcio. Repercusiones en el ámbito
escolar en la etapa de Educación Infantil**

**Separation and divorce. Repercussions in the school
environment at the pre-school stage**

**NOTA ACLARATORIA EN RELACIÓN AO EMPREGO DA LINGUAXE NESTE
TRABALLO**

No presente traballo faise un uso do masculino xenérico para referirse ás persoas de ámbolos sexos, sen implicar a adopción dun emprego sexista da linguaxe.

ÍNDICE

Introdución.....	1
Xustificación	1
Obxectivos	3
Metodoloxía	4
BLOQUE I. APROXIMACIÓN CONCEPTUAL.....	4
1.1. Divorcio. Estado actual do tema.....	4
1.2. Cambios na familia derivados do divorcio	6
1.3. Consecuencias do divorcio nos menores	9
1.4. Factores de risco e protección dos fillos ante o divorcio.....	15
1.5. Influencia do divorcio no rendemento escolar.....	19
BLOQUE II. O DIVORCIO NA ETAPA DA EDUCACIÓN INFANTIL.....	21
2.1. Escola, divorcio e diversidade familiar	21
2.2. Repercusións do divorcio na aula de educación infantil.....	24
2.3. O profesor ante o divorcio. Recomendacións para traballar na aula.	26
2.4. Recomendacións para o centro educativo e outros profesionais	30
2.5. Recursos para traballar o divorcio na aula de Educación Infantil.....	31
Conclusionés	32
Referencias bibliográficas	34
Anexos	42
Anexo 1. Táboa 1. Criterios de exclusión e inclusión das obras bibliográficas	43
Anexo 2. Evolución das disolucións matrimoniais.....	44
Anexo 3. Evolución das Nulidades, Separacións e Divorcios	45
Anexo 4. Nulidades, separacións e divorcios por tipo de resolución	46
Anexo 5. Divorcios, nulidades e separacións por comunidades.....	47
Anexo 6. Tipoloxía de fogares monoparentais	48
Anexo 7. Obrigas dos proxenitores na separación ou divorcio.....	49
Anexo 8. Dereitos de nenos e nenas na separación ou divorcio dos proxenitores	50
Anexo 9. Recursos para traballar o divorcio	51
Anexo 10. Conto de “Pobi ten dúas casas”	54
Anexo 11. A parentalidade positiva. Guía para técnicos e profesionais.....	70

Resumo

A familia é o contexto de desenvolvemento fundamental para o ser humano. As transformacións sociais, económicas, políticas e culturais tiveron efectos na estrutura, dinámica e funcións da familia. Entre os cambios que afectaron a esta institución, o máis significativo é o aumento da taxa de divorcios, dando lugar a novas estruturas familiares.

O divorcio é unha realidade actual que afecta tanto aos pais como aos fillos. O presente traballo pretende poñer en evidencia os aspectos relacionados con esta problemática en idades temperás e as súas repercusións no contexto educativo. Por iso, céntrase nunha revisión bibliográfica para coñecer os efectos nos menores e as súas implicacións no rendemento escolar. Así mesmo, procura definir as liñas de actuación do docente e recursos dispoñibles ante esta problemática, co fin de facilitar a adaptación do menor á mesma e reducir as súas consecuencias.

Palabras clave: divorcio, infancia, diversidade familiar, contexto escolar, rendemento académico, profesorado.

Resumen

La familia es el contexto de desarrollo fundamental para el ser humano. Las transformaciones sociales, económicas, políticas y culturales tuvieron efectos en la estructura, dinámica y funciones de la familia. Entre los cambios que afectaron a esta institución, el más significativo es el aumento de la tasa de divorcios, dando lugar a nuevas estructuras familiares.

El divorcio es una realidad actual que afecta tanto a los padres como a los hijos. El presente trabajo pretende poner en evidencia los aspectos relacionados con esta problemática en edades tempranas y sus repercusiones en el contexto educativo. Por eso, se centra en una revisión bibliográfica para conocer los efectos en los menores y sus implicaciones en el rendimiento escolar. Así mismo, procura definir las líneas de actuación del docente y recursos disponibles ante esta problemática, con el fin de facilitar la adaptación del menor a la misma y reducir sus consecuencias.

Palabras clave: divorcio, infancia, diversidad familiar, contexto escolar, rendimiento académico, profesorado.

Abstract

The family is the context of fundamental development for the human being. Social, economic, political and cultural transformations effect the structure, dynamics and function of the family. Among the changes that effect this institution, the most significant is the increase in divorce rate, which creates new family structures.

Divorce is a current reality that concerns both parents and children. The present academic work highlights the aspects related to this problem at early ages, and its repercussions in an educational context. Therefore, this article is based on the literature available that relates to the influence of divorce on children, and its implications on their educative performance. Likewise, it seeks to define the plan of action for teacher regarding divorce and resources in order to facilitate the child's adaptation to this issue and reduce detrimental consequences.

Key words: divorce, childhood, family diversity, school context, academic performance, teaching staff

Introdución

Entre todas as transformacións sociais actuais, os cambios que afectan ao núcleo familiar cobran vital importancia. O divorcio é un feito cada vez máis común na nosa sociedade, que dana a integridade da familia e a cada un dos membros da mesma. Os datos ofrecidos polo Instituto Nacional de Estatística e polo Instituto de Política Familiar (2006) poñen en evidencia que cada vez son máis as parellas que deciden divorciarse como solución aos problemas familiares. Así mesmo, máis da metade das parellas que optan pola separación ou divorcio teñen fillos (INE, 2006). As tendencias actuais sobre as rupturas familiares suxiren un aumento no futuro, polo que tamén medrará o número de nenos que pasen por esta situación (Escapa, 2017).

O divorcio é unha situación que ocasiona consecuencias en tódolos membros da unidade familiar e en ámbitos dispares como o físico, psicolóxico e o comportamental. Carrega novas formas de vida para proxenitores e descendentes, novos fogares, persoas, relacións, etc., e todo isto reflíctese no lugar onde os nenos pasan a maior parte do día, a escola. É por iso que nas aulas cada vez é maior o número de alumnado cuxos proxenitores non conviven. A escola, e concretamente os docentes, deben afrontar con máis frecuencia situacións derivadas da ruptura familiar. Faise pois necesario que os educadores estean sensibilizados e formados na temática co fin de dar resposta as dificultades na aula derivadas desta problemática.

O presente traballo enmarcase dentro da modalidade de iniciación á investigación documental e parte da concepción da ruptura parental como situación de risco para os menores que carrega impactos no desenvolvemento xeral. Dito traballo céntrase nos efectos do conflito dos proxenitores nos menores, e concretamente, no que respecta ao ámbito académico na etapa de educación infantil. Tomando como referencia a literatura científica sobre o tema, pretende dar resposta a cuestións tales como cal é o papel da escola e dos mestres ante as rupturas familiares, cales son os sinais de alarma e as repercusións a nivel académico na etapa de educación infantil, ou qué recursos están a disposición dos docentes para traballar esta temática.

Xustificación

A elección da temática do traballo derivase da reflexión sobre a labor docente ante os posibles retos aos que debe facer fronte na súa aula; concretamente ante situacións derivadas da ruptura familiar. Como se verá máis adiante, o divorcio no noso país é un feito significativamente estatístico, e un número cada vez maior de nenos en idade escolar experimenta a ruptura dos seus proxenitores (Vázquez, Fariña e Alonso-Barcia, 2013).

Partindo da esixencia formulada ao sistema educativo de proporcionar unha educación de calidade a todo o alumnado, tendo en conta a diversidade de intereses, características e situacións persoais; que entre os fins da educación destaquen o pleno desenvolvemento da personalidade e as capacidades afectivas do alumnado, entre outras (Lei Orgánica de Educación, 2006); lévame a considerar qué coñecementos, estratexias, recursos e prácticas pode desenvolver un mestre de educación infantil na súa aula co fin de intervir co alumnado que vive unha ruptura familiar. É o docente o que está nunha situación privilexiada para detectar dificultades que poidan derivarse de conflitos familiares e tamén pode actuar para minimizar e previr efectos negativos no alumnado; pero en moitos casos non conta coa información nin formación necesaria para iso. O rol do mestre vai máis aló do ámbito académico; e se en calquera etapa educativa a relación coas familias é fundamental, na etapa de educación infantil é un requisito imprescindible para acadar unha educación de calidade.

A escola e os seus profesionais exercen unha influencia importante na configuración do concepto de familia e nas actitudes cara a súa diversidade. Estudos recentes sinalan que fronte ao desamparo familiar a escola é un factor protector (Santelices e Scagliotti, 2005).

A nivel lexislativo son algunhas as alusións referentes ao tema da familia, a resolución de conflitos en xeral, e a labor do docente ao respecto; sen embargo, non en relación ao divorcio. Un dos principios da Lei Orgánica da Educación de 2006 é o referido a educación como forma de prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social. Por outra banda, un dos obxectivos que se propón para a etapa de educación infantil é o de observar e explorar o entorno familiar, natural e social. Establécense como funcións do profesorado a atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz e moral do alumnado e a información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos descendentes, así como a orientación para a súa cooperación no mesmo.

É crucial que familia e escola camiñen ao unísono. No Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, adquire unha relevancia especial a participación e colaboración coas familias. Nel afirmase que a transformación histórica do medio familiar e social leva a que a escola comparta coa familia o papel de proporcionarlles aos nenos e ás nenas experiencias que faciliten as súas primeiras aprendizaxes. Familia, escola e demais axentes educativos deben traballar de forma coordinada e complementaria, buscando a colaboración e a coherencia nas súas intervencións. No Artigo 11 deste mesmo Decreto faise referencia ao respecto da responsabilidade fundamental de nais e pais na etapa, onde os centros

deberán establecer os mecanismos para favorecer a súa participación no proceso educativos dos fillos. Tamén se responsabiliza ao titor de levar a cabo interaccións periódicas coas familias e crear as medidas necesarias para que estas teñan unha implicación directa no proceso de ensino- aprendizaxe.

Na lexislación, considéranse como principais elementos de relación co medio social no primeiro ciclo da educación infantil a escola e a familia, polo que a súa relación será fundamental para unha correcta intervención. Outra orientación metodolóxica é referida ao equipo educativo, o cal debe ter en conta o contexto sociocultural e familiar dos cativos para garantir a necesaria conexión entre os dous ámbitos. Tamén se fai precisa unha boa comunicación e coordinación coas familias, xa que a eficacia da educación infantil depende en gran medida, da unidade de criterios educativos na casa e na escola.

Obxectivos

- Coñecer as consecuencias da ruptura familiar no rendemento académico
- Destacar os factores de risco e protección dos menores ante a ruptura
- Analizar qué papel pode xogar o mestre ante esta problemática
- Detectar os sinais de alarma e efectos do divorcio na aula de educación infantil
- Establecer pautas de actuación e recomendacións para traballar co grupo clase, e tamén para o resto de profesionais educativos
- Dar a coñecer algúns dos recursos existentes para traballar a ruptura familiar na etapa de Educación Infantil

As competencias xerais ¹que se pretenden abranguer neste Traballo de Fin de Grao son G1, G3, G4, G9, G10 e G12. Por outra banda, en canto ás competencias específicas² cómpre salientar E10, E14, E20 e E22 da materia Infancia, Familia e Escola;

¹ Competencias xerais

G1. Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar.

G3. Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade.

G4. Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos.

G9. Asumir que o exercicio da función docente debe ir perfeccionándose ao longo da vida.

G10. Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada alumno e co conxunto das familias.

G12. Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios na educación infantil e aos seus profesionais.

² Competencias específicas

Infancia, Familia e Escola

E10. Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.

E14. Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, estilos de vida e educación no contexto familiar.

E20. Amosar habilidades sociais para entender ás familias y facerse entender por elas.

E22. Relacionar a educación co medio, e cooperar coa familia e comunidade.

Didáctica e profesión docente

E19. Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante, e saber ser flexible no exercicio da función docente.

ou competencias correspondentes a Didáctica e profesión Docente como é o caso de E19.

Metodoloxía

Co fin de acadar os obxectivos propostos neste traballo, a busca de información levouse a cabo a través do proceso que se detalla a continuación. En primeiro lugar, localízanse as monografías dispoñibles no fondo bibliográfico da USC, a través do Catálogo Iacobus. Para esta primeira fase, realizada en Febreiro de 2017, os termos clave que se empregan son os seguintes: “*separación*”, “*infancia*”, “*divorcio*”, “*separación matrimonial*”, “*hij**”, “*consecuencias*”, “*fill**”, “*separación matrimonial y consecuencias en los hijos*”, “*divorcio y rendimiento académico*”, “*ruptura matrimonial e hijos*”, “*impacto*”, “*repercusiones*”, “*escuela y divorcio*”, “*diversidad familiar*”, “*separación conyugal*” e “*familia y escuela*”. Ditas palabras clave ofrecen 173 obras. Despois de descartar as duplicadas o número descendeu a 87.

Posteriormente, nunha segunda fase, realizouse unha busca centrada en bases de datos como Dialnet, Minerva, Redined ou TDR e, empregando os mesmos termos que na vez anterior. Acadáronse desta forma 316 resultados. Unha vez eliminadas as referencias duplicadas o número de obras acadado foi de 123. O proceso de exploración remata coa revisión de obras en Google académico empregando os termos mencionados anteriormente, conseguíndose 54 referencias.

Empregouse o xestor bibliográfico Refworks para almacenar as referencias e administralas. Para a selección definitiva dos documentos bibliográficos establecéronse uns criterios de inclusión e exclusión (véxase Anexo 1. Táboa 1). Unha vez aplicados contouse con un fondo bibliográfico cuxo número ascendeu a setenta referencias.

BLOQUE I. APROXIMACIÓN CONCEPTUAL

1.1. Divorcio. Estado actual do tema

Os datos ofrecidos polo Instituto de Política Familiar (IPF, 2016) e o Instituto Nacional de Estatística (INE, 2016) confirman que se está a producir un aumento do número de separacións e divorcios, un crecemento do número dos fillos afectados por dita situación, así como unha maior taxa de divorcios por cada matrimonio que se realiza (véxase Anexo 2).

O divorcio e a separación son dúas experiencias cada vez máis frecuentes en tódalas sociedades desenvolvidas; dous termos que convén delimitar conceptualmente. Segundo Ortuño e Lafuente (2015) a separación pode ser entendida como a suspensión da convivencia común durante un período de tempo de reflexión, co fin de intentar retomar posteriormente a mesma. Pola súa banda, o divorcio enténdese como a

disolución do vínculo que unía aos contraentes; o cal pode ser de mutuo acordo ou contencioso. No divorcio consensuado ámbalas partes deciden e pactan as medidas nas que se basearán as relacións futuras. O divorcio contencioso é aquel no que as partes non chegan a un acordo e as medidas son decididas por un xuíz sobre a base dos escritos que presentan os avogados de cada un dos contraentes. Fariña, Seijo, Arce e Novo (2002) afirman que o divorcio é un proceso e como tal consta de tres etapas, a primeira é o predivorcio que sucede antes da separación; a segunda que se produce durante a separación; e a etapa de postdivorcio, despois da mesma.

A separación da parella constitúe un acontecemento vital para os fillos, xa dende o período infantil (López, 2011), podendo repercutir na súa saúde e benestar (Seijo, Novo, Carracedo e Fariña, 2010). Os datos do INE e IPF (2016) evidencian que cada vez son máis as parellas que optan polo divorcio como solución á crise familiar; asegurando que cada seis minutos prodúcese unha ruptura, o cal supón ao día unhas duascenas noventa rupturas. As estatísticas confirman que case o cincuenta por cento dos matrimonios rematan en ruptura (De la Torre, 2005).

Entre os anos 2004 e 2014 a poboación separada/divorciada duplicou o seu número pasando de 1.183.200 casos en 2004 a 2.343.400 no 2014. Concretamente os divorcios pasaron de 50.000 no 2004 a máis de 100.000 no 2014, o que carrega un incremento do 98 por cento. É dicir, que de cada vinte rupturas, dezanove foron divorcios (95%). No 2014, producíronse 162554 matrimonios e 105893 rupturas familiares; situando a taxa de ruptura/matrimonio española (0,65%) moi por riba da media da Unión Europea (0,46%) (IPF, 2016).

Os datos máis recentes que ofrece o INE ao respecto reflicten que no 2015 producíronse un total de 101.357 sentencias de nulidades, separacións e divorcios, o que supuxo unha taxa de 2,2 por cada 1.000 habitantes. Unha análise e comparación pormenorizada permite observar un incremento no número de rupturas no ano 2015 con respecto ao ano 2013, pasando de 100.437 casos no 2013 aos 101.357 do 2015 (véxase Anexo 3). Segundo o tipo de resolución dos conflitos durante o 2015, os divorcios representaron o 95,3 % do total, as separacións o 4,6% e as nulidades o 0,14% restante (véxase Anexo 4). De acordo cos datos do INE (2016) o 75,9% dos divorcios neste ano foron de mutuo acordo, mentres que o 24,1% restante foron contenciosos. No caso das separacións, o 86,3% foron de mutuo acordo e o 13,7% contenciosas.

Polo que se refire aos datos en relación ás comunidades e cidades autónomas para o ano 2015, Cataluña rexistrou a maior taxa de nulidades, separacións e divorcios (18.898 casos); seguida de Andalucía, Comunidade de Madrid e Comunidade de

Valencia. Galicia sitúase no seguinte posto con un total de 5.754 casos (IPF, 2016) (véxase Anexo 5).

De acordo con Orgilés, Espada, e Piñeiro (2007), en termos xerais, entre o 40 e 50 % dos matrimonios iniciados remata en divorcio, o que significa que 4 ou 5 de cada 10 nenos e nenas pasarán parte da súa nenez con un só dos proxenitores. O IPF (2016) confirma que esta situación de divorcio afecta anualmente a case 100.000 nenos, e que tan só entre os anos 2010 e 2014, 458.371 cativos víronse afectados polo divorcio dos seus pais. Tomando como referencia os últimos datos do INE (2016) o 42,9% dos matrimonios correspondentes ás resolucións de separación ou divorcio non tiñan fillos (menores ou maiores dependentes); sendo esta porcentaxe moi similar a do ano anterior. O 47,1% tiñan só fillos menores de idade, o 4,6% só fillos maiores de idade dependentes economicamente e o 5,4% fillos menores de idade e maiores dependentes. O 26,6% tiña un só fillo (menor ou maior dependente).

As parellas con un e dous nenos soen ser as máis afectadas; o mesmo ocorre cos fillos menores de idade, pois nove de cada dez rupturas prexudícanos a eles, cuxas cifras están ao redor dos 83.900 casos. Estes datos trasládanse ás aulas, onde cada vez é maior o número de alumnado cuxos proxenitores non conviven xuntos, polo que os docentes deben afrontar situacións derivadas deste feito cada vez con máis frecuencia no seu día a día (IPF, 2016; Orgilés et al., 2007).

1.2. Cambios na familia derivados do divorcio

A familia é o contexto privilexiado para desenvolverse e medrar como persoas. Segundo Fernández (2012) é vital para o san desenvolvemento e un dos principais grupos de socialización. Vallejo, Sánchez-Barranco e Sánchez-Barranco (2004) considéranos como a base do crecemento humano, xa que é o contexto social que outorga aos seus membros a autonomía necesaria. Ademais dos cuidados físicos que garanten a supervivencia, esta é a encargada de ofrecer un clima afectivo que posibilita que a persoa evolucione dende o ser biolóxico a o ser biopsicosocial. A calidade das primeiras relacións que se produzan no seo familiar serán claves para o desenvolvemento emocional e tamén social dos cativos, conformándose como modelo que guiará as súas relacións futuras. En palabras de López (2011) a seguridade emocional é o requisito afectivo máis primario; entendida como a necesidade de sentirse querido, protexido e ben tratado polos seus cuidadores. Esta necesidade de seguridade e afecto pode verse ameazada gravemente cando unha separación ou un divorcio rompe a unidade familiar (Vallejo et al, 2004). O vínculo que a satisfai é o apego; e ter polo menos unha figura de apego é unha condición fundamental para un óptimo desenvolvemento da

infancia. Cando isto non é así, carecerase de vínculos incondicionais e/ou formaranse patróns de apego inseguros (López, 2008); podendo ser vivida esta situación como soidade, rexeitamento, illamento, ansiedade, etc. (López, 2011).

Fai anos era sinxelo describir o contexto familiar dos cativos que ían a escola infantil, xa que a inmensa maioría convivía cos pais biolóxicos, os cales estaban casados e tiñan roles visiblemente definidos (López, Díez, Morgado, González, 2008). Sen embargo, na actualidade o panorama é máis heteroxéneo. As diversas transformacións que afectaron á nosa sociedade salpicaron tamén á institución familiar, modificando o modo no que o sistema familiar se constitúe, os compoñentes que o forman, os roles, e mesmo as relacións que nel se establecen (López et al., 2008). Ditos cambios determinan a diversidade familiar actual e fan cambalea a idea do matrimonio como unha institución permanente que permite aos fillos pasar a infancia no mesmo fogar (Dowling e Barnes, 2007).

Na actualidade, a familia formada a partires dun matrimonio convive con outros tipos de familias como poden selas monoparentais, as reconstituídas, etc. En palabras de Dowling e Barnes (2007), durante as dúas últimas décadas a vida familiar nos países occidentais sufriu cambios transcendentais; o aumento do número de divorcios, de familias reconstituídas e outras, traducíuse nunha gran cantidade de nenos que medran en estruturas familiares diferentes á familia nuclear tradicional. Concretamente no caso das familias monoparentais constituídas tras un proceso de divorcio conforman o 26% do total de familias monoparentais, e as derivadas dun proceso de separación o 11% (IPF, 2016) (Vexase anexo 6).

O aumento do número de separacións e divorcios pode indicar que é un feito máis dentro das construcións familiares. Inda entendida como algo cotiá, a ruptura matrimonial foi e é concibida como un acontecemento traumático que trae consigo un desequilibrio nas persoas, sexan adultos ou nenos (De La Torre, 2005). O proceso de ruptura carrega unha inestabilidade xeral, afectando a tódolos membros da unidade familiar, e con repercusións en diferentes ámbitos como pode ser o emocional, social, persoal, económico ou psicolóxico (Cantón, Cortés e Justicia, 2002; Fariña e Arce, 2006; Orgilés, Espada e Méndez, 2008; Seijo, Fariña e Novo, 2002). Durante este período tódolos membros sofren consecuencias que, en ocasións, derivan en problemas a curto, medio e longo prazo (Fariña e Arce, 2006). É importante destacar o feito de que a ruptura pode afectar de diferente maneira aos membros da familia, dependendo o efecto da interacción de variables como a idade, o paso do tempo, o sexo, as características da familia, o tipo de relacións que se constrúan durante e despois da separación, etc. (Orgilés et al., 2007).

Bengoechea (1992) afirma que as rupturas familiares implican unha modificación substancial da estrutura familiar, unha variación no funcionamento da familia e mesmo na situación económica. Derivan nun proceso de cambios e implican unha reestruturación da unidade familiar, non só no relativo a marido-muller senón na relación dos proxenitores cos fillos e coas familias extensas. Supoñen, na maior parte dos casos, unha crise no desenvolvemento familiar, unha nova definición dos roles familiares (De La Torre, 2005), que as relacións familiares se tornen máis complexas (Seijo, Carracedo e Fernández, 2012), e o xurdimento dun novo estilo de vida familiar ao que todos os membros da unidade deberán adaptarse o antes posible (Fariña, Arce, Novo, Seijo e Vázquez, 2001).

Fariña, Arce et al. (2001) destacan entre as consecuencias da ruptura, as relativas aos efectos psicomocionais e os cambios na situación económica. En canto aos efectos psicoemocionais estes autores consideran común que ambos proxenitores, e sobre todo o que toma a decisión de romper, manifesten sintomatoloxía asociada a ansiedade, stres e depresión; afectando así de forma diferenciada a cada membro da parella (Seijo et al., 2002). A nova situación, polo xeral, implica tamén un empeoramento económico, aumentando os gastos e diminuindo os ingresos (Fariña, Arce et al., 2001). Seijo et al. (2002) destacan como consecuencia máis xeneralizada en relación á ruptura familiar e aos proxenitores a diminución do nivel de ingresos, en ocasións ata podendo chegar a situacións de pobreza. O proceso de divorcio carrega gastos extra e posteriormente, a vida independente de cada un dos proxenitores implica ser responsable dos gastos de cada un ademais do mantemento dos fillos.

A ruptura matrimonial ten un forte impacto na relación entre pais e fillos (Ruiz, 1997; Seijo et al., 2002). En xeral, a relación entre eles diminúe co paso do tempo inda que este patrón é menos pronunciado canto maior sexa o menor no momento do divorcio; sendo tamén frecuente un cambio no estilo educativo dos pais.

Despois dunha ruptura ademais de producirse un cambio na relación entre os proxenitores, modifícanse as funcións de cada un deles (véxase Anexo 7). Segundo Carballal, Rodríguez e Novo (2003) os reaxustes máis importantes teñen que ver coa intimidade, xa que en toda relación que se rompe hai unha persoa que abandona e outra que é abandonada; e tamén en relación ao poder sobre calquera decisión como pode ser a educación dos fillos, os aspectos económicos, etc.

Por outra banda, segundo Fariña e Arce (2006) son varias as consecuencias que se producen no papel do pai divorciado, e que varían en función de si se trata do pai custodio ou non custodio. O proxenitor custodio soe asumir en solitario responsabilidades que antes eran compartidas co outro en canto a coidados, educación, etc. dos fillos. Dita situación pode superar as súas capacidades para facerse cargo adecuadamente de todas

elas, producindo unha sobrecarga que derive en problemas psicoemocionais (Fariña et al., 2002; Fariña, Seijo, Novo, Arce, 2014). Esta situación pode agravarse cando as condicións económicas non son favorables e tampouco as psicolóxicas ou emocionais (Fariña e Arce, 2006). Nos pais non custodios a diminución do tempo que pasa cos fillos da lugar a efectos negativos para ámbalas dúas partes (Fariña et al., 2002; Fariña, Seijo et al. 2014).

Segundo Rodrigo e Palacios (2005) ante estes grandes desaxustes será preciso realizar adaptacións nas relacións dentro do contexto familiar. Adultos e nenos terán que habituarse á nova situación; e o axuste dos máis pequenos dependerá de factores como o desenvolvemento cognitivo, a idade, ou os recursos cognitivos cos que contan para afrontar os cambios (Morgado, 2003).

1.3. Consecuencias do divorcio nos menores

As investigacións sobre as consecuencias das rupturas conxugais nos fillos chegan a resultados dispares, non poñéndose de acordo con respecto nin a duración nin a gravidade dos efectos. Por un lado, hai autores que afirman que o divorcio carrega resultados negativos para o desenvolvemento dos fillos (Fariña, Arce, Seijo e Novo 2013; Fariña, Martiñón, Souto e García, 2014; Novo, Carracedo e Fernández, 2012; Orgilés, Espada e Méndez, 2008) e por outra banda, outros investigadores sosteñen que o divorcio non implica efectos negativos ou cando os provoca, estes desaparecen a medio prazo (Martínez- Pampliega, Sanz, Iraurgi e Iriarte, 2009; Pons- Salvador e Del Barrio, 1995). Para explicar esta variabilidade ou contradición de resultados, algúns autores establecen variables mediadoras como son a situación económica, os conflitos interparentais despois do divorcio, ou o tempo transcorrido (Orgilés, Espada e Méndez., 2008; Valdés, Martínez e Ochoa, 2010). Autores como Fariña, Martiñón et al. (2014) consideran importante recalcar a idea de que os efectos do divorcio nos fillos nin son os mesmos nin teñen o mesmo alcance para todos, senón que dependerá tanto de factores internos como externos dos menores.

Pasamos a continuación a nomear algúns exemplos de investigacións centradas en valorar os efectos da ruptura conxugal nos descendentes da parella no contexto español. Por exemplo, o estudo de Bengoechea (1992) céntrase na avaliación da intelixencia, estado de ánimo, adaptación persoal, escolar e social e outras, en idades comprendidas entre os seis e os dezoito anos; co fin de analizar e explicar as respostas que os fillos dan á separación dos seus pais, segundo a idade e o nivel de instrución. Os datos amosan a inferioridade da capacidade nos nenos que pasaron por un proceso de ruptura familiar e unha maior inadaptación persoal e escolar, entre outras achegas.

Autores como Morgado e González (2012) estudan cómo é o axuste psicolóxico dos fillos de entre seis e doce anos, cuxas familias están separadas, así como as similitudes e diferenzas cos descendentes de pais que permanecen casados. Os resultados evidencian que os descendentes de parellas separadas presentan puntuacións de axuste psicolóxico nos niveis medios das escalas, existindo diferenzas a favor dos menores que viven nunha familia biparental inda que de escasa magnitude.

Pola súa parte, Orgilés, Espada e Méndez (2008) céntranse no estudo da presenza de síntomas de ansiedade en nenos de oito a doce anos, comparándoos cun grupo das mesmas idades con familia non separada. Concluindo que os cativos que viviron unha ruptura presentan niveis de ansiedade por separación máis elevados en comparación cos fillos de familias intactas. Así mesmo, amosan niveis significativos de ansiedade xeral, pero similares aos presentados polos fillos de familias unidas. Outro exemplo de investigación no contexto español é a desenvolvida por Fariña, Carracedo e Seijo (2014) enfocada en analizar os problemas condutuais dos nenos derivados destas situacións familiares e que atopan dificultades de conduta e comportamento durante a primeira infancia nos fillos de proxenitores separados. Ou a de Seijo, Souto e Arce (2009) na cal presentan un traballo sobre os efectos da separación e o divorcio na saúde física e psicolóxica dos fillos maiores de dezoito anos. A conclusión á que chegan é que os fillos de familias separadas, en comparación cos das intactas, sofren unha maior incidencia de enfermidades físicas, así como tamén alteracións psicolóxicas. Nesta liña, o estudo de Martiñón, Fariña, Corras, Seijo, Souto e Novo (2017) centrase en coñecer o risco de problemas de saúde e cuantificar o dano a través dos marcadores de saúde física nos nenos relacionado coa exposición á separación dos proxenitores; concluindo que os fillos de pais separados teñen aproximadamente o dobre de posibilidades de desenvolver problemas xenitourinarios, gastrointestinais, dermatolóxicos e neurolóxicos en comparación cos de familias intactas.

Entre os autores que consideran que o divorcio non carrega efectos negativos e, no caso de telos, son a curto ou medio prazo atópanse Martínez- Pampliega, et al. (2009) que entenden que os efectos negativos do divorcio se esaxeran e se obvian os seus efectos positivos. Os mesmos, subliñan a idea de que o conflito interparental non exerce un efecto directo sobre o rendemento académico, sendo o malestar psicolóxico a variable directa. Estes autores recalcan o feito de que o aumento dos problemas de saúde mental dos fillos relaciónanse con niveis máis altos de estresores despois do divorcio como poden ser os cambios nas relacións familiares ou a continuidade do conflito. Seguindo esta liña, Pons-Salvador e Del Barrio (1995) céntranse nos efectos do divorcio sobre a ansiedade dos fillos, concluindo que as diferenzas non son significativas e que dita

ansiedade se relaciona máis con variables como son a relación dos proxenitores despois do divorcio, a frecuencia de visitas do pai non custodio, etc., máis que co proceso de divorcio exclusivamente.

Dende esta perspectiva, resultados de investigacións demostran que moitos dos problemas que se lle atribúen á ruptura matrimonial xa estaban presentes antes de que se producise a mesma (De La Torre, 2005). Algúns estudos afirman que só un de cada catro menores pode amosar problemas de adaptación graves derivados da ruptura matrimonial; insistindo na idea de que se o proceso se realiza de xeito adecuado os fillos non sairán prexudicados. É máis, consideran que despois deste período, na nova situación ata a relación entre pais e fillos mellora (Ortuño e Lafuente, 2015). Autores como Cantón et al. (2013) afirman que as estatísticas poden ocultar o feito de que a maioría dos fillos afrontan con éxito as rupturas familiares. Outros como Morgado e González (2012) recalcan a necesidade de analizar as dimensións evolutivas que poden ser favorecidas pola ruptura familiar.

Partindo da variabilidade de factores que están implicados nunha ruptura matrimonial, a maioría dos estudos científicos coinciden en que dita experiencia transforma completamente a vida dos máis pequenos (Vallejo et. al, 2004). Existen consecuencias positivas e negativas derivadas desta ruptura, pero as últimas predominan en cantidade e importancia (De La Torre, 2005). Fariña, Carracedo et al. (2014) afirman que na ruptura da parella tanto adultos como nenos deben afrontar cambios familiares no menor tempo posible, influenciados pola idade, o conflito parental ... podendo converter o ambiente familiar nunha fonte de estres para os cativos e causar alteracións no desenvolvemento físico, psicolóxico e condutual. As rupturas afectan enormemente aos fillos, que deben facer fronte a unha nova situación e adaptarse a cambios familiares, tanto a nivel de estrutura como de relacións. Investigacións ao respecto, afirman que os cativos que pasan por estas circunstancias poden amosar diversas alteracións a nivel físico, condutual, psicoemocional e académico (Fariña, Carracedo e Seijo, 2014; Seijo, Fariña, e Novo, 2000, 2002). Pérez, Davins, Valls e Aramburu (2009, p. 43) afirman que “os nenos e nenas que viven un divorcio atópanse con problemas adicionais aos propios do seu momento evolutivo”. Por exemplo, o estudo de Amato e Keith (1991) conclúe que os fillos de familias divorciadas presentaban peores resultados a nivel académico, un autoconceito máis baixo, problemas de conduta, dificultades na interacción cos iguais, e condutas de oposición aos proxenitores. Estas consecuencias empeoran cando a ruptura vai acompañada de conflito entre os proxenitores, estilos parentais inconsistentes, falta de comunicación e distanciamento, etc. (De La Torre, 2005; Novo et al., 2012).

A **nivel físico**, atopáronse alteracións psicossomáticas como dores de estómago ou cabeza (Novo et al., 2012; Orgilés, Amorós et al., 2008). Autores como Seijo, Novo, Carracedo e Fariña (2010) evidencian a vulnerabilidade dos fillos de pais separados a presentar afectacións de hipertensión, asma e enfermidades de tipo coronario. De acordo con González (2001) algúns menores reaccionan á ruptura con dores de cabeza, de estómago ... e poden desenvolver estes síntomas ante a dificultade para recoñecer e expresar os seus sentimentos.

Diferentes autores sinalan como **consecuencias psicoemocionais** os sentimentos de rexeitamento e abandono, a frustración, a culpabilidade, o medo e inseguridade, baixa autoestima, depresión entre outros (Fariña et al, 2013; Orgilés e Samper, 2011; Ripol, 2015); ansiedade por separación (Cantón et al., 2013; Orgilés, Espada e Méndez, 2008); inadaptación persoal, familiar, escolar e social (Seijo et al., 2010). Os resultados de Orgilés e Samper (2011) apoian a idea de que a calidade de vida infantil varía en función do estado civil dos seus pais. En comparación cos fillos de pais casados, os nenos con pais divorciados presentan menos satisfacción con respecto á súa saúde, tamén menos benestar, e menos factores de protección ante problemas de saúde futuros. Ademais amosan máis síntomas de ansiedade por separación, menos autoestima, máis medos escolares e problemas de conduta. Na mesma liña, Orgilés, Espada e Méndez (2008) consideran que a ansiedade por separación é un dos problemas máis frecuentes derivados da ruptura matrimonial que afecta aos nenos. Segundo os resultados, os cativos que viviron unha ruptura familiar amosan niveis de ansiedade por separación máis elevados que os nenos cuxos pais están xuntos; así como tamén maiores niveis de ansiedade xeral, inda que similares ao de nenos que non viviron procesos de separación ou divorcio. Así mesmo, ademais de problemas internalizantes de conduta como a depresión ou ansiedade; os fillos de familias divorciadas amosan uns índices superiores de problemas externalizantes como son a agresión ou os desordenes de conduta (Justicia e Cantón, 2007).

López (2011) afirma que as rupturas familiares soen provocar efectos evidentes a curto prazo, como poden ser os problemas de alimentación, comportamentos inadecuados ou condutas regresivas; inda cando o proceso se realiza do xeito máis adecuado posible. Este autor sostén que a longo prazo o efecto máis visible é o da reconstrución dunha visión máis pesimista das relacións afectivas entre os pais; e no caso de separacións conflitivas os efectos poden ser traumáticos e duradeiros.

No **ámbito académico** tamén se detectan repercusións derivadas da ruptura familiar. Bengoechea (1992) atopa no seu estudio unha diminución nas competencias, en concreto as relacionadas co funcionamento na escola. Ademais, detecta nos nenos de

idades máis temperás trazos como a sumisión, timidez, sentimento de dependencia ou inseguridade entre outros; e en idades posteriores xorden efectos como a agresividade, ansiedade, incumprimento de normas, etc. Os resultados do estudo de Novo, García e Carracedo (2014) achegan diferenzas significativas no rendemento académico e outras circunstancias relacionadas coa escola, entre os nenos que pasaron por unha ruptura matrimonial en comparación con aqueles cuxas familias permanecen intactas. Estudos como o de Orgilés, Espada, Méndez e García- Fernández (2008) ofrecen datos sobre a maior puntuación en medos escolares dos fillos de pais separados, exceptuando os relativos a castigo e fracaso escolar, en contraste cos rapaces descendentes de familias intactas. Estes autores aluden aos cambios no estilo educativo e a incongruencia nas pautas de crianza dos pais despois da ruptura como causa de ditos efectos. Valdés, Carlos, Urías e Ibarra (2011) afirman que existe unha relación entre o conflito parental despois do divorcio e os resultados dos estudantes en habilidades matemáticas.

Esta experiencia afecta tamén ao **desenvolvemento social** dos fillos, pois fractúranse as redes sociais de apoio coas que contaba ata o momento, asúmense responsabilidades dentro do fogar por parte dos cativos para as que non están preparados, etc. Estes nenos soen participar pouco en actividades extraescolares e soen xogar menos (Vallejo et al., 2004). Os fillos de pais divorciados soen amosar niveis máis baixos de habilidades prosociais e competencia social, e presentan máis problemas de adaptación que os das familias intactas (Amato e Keith, 1991). De acordo con Sureda (2007) a exposición ás pelexas dos proxenitores afecta negativamente sobre o funcionamento social dos fillos. Os menores que están expostos con frecuencia ás mesmas, copian a forma de interactuar destes e non desenvolven habilidades para conter as propias expresións de ira. Así mesmo, o grao no que os pequenos se involucran no conflito aumenta coa idade, pasando de observadores a un maior grao de implicación.

A modo de resumo do exposto anteriormente e tomando como referencia a Fariña, Arce et al. (2001) e Seijo et al. (2000) as principais consecuencias para os menores derivadas do divorcio son os sentimentos de culpa, abandono e rexeitamento, frustración, e impotencia e indefensión. Ademais poden amosar inseguridade, ansiedade e depresión, condutas regresivas e tamén repetitivas. É posible que xurdan os comportamentos disruptivos, como por exemplo, as condutas agresivas, violentas e incluso antisociais. Existe a posibilidade de que diminúa o interese polas actividades cotiás, entre elas as escolares; así como a capacidade de atención e concentración; polo que poden xurdir problemas escolares e fracaso académico. Estas consecuencias poden ir acompañadas dunha serie de fenómenos característicos como a sobrecarga/opresión, o síndrome de alienación parental ou a ilusión de reconciliación (Fariña et al., 2002).

Independentemente da idade dos fillos, a ruptura carrega consecuencias no desenvolvemento condutual e emocional (De la Torre, 2005). Sen embargo, hai autores, como é o caso de Bengoechea (1992) que apoia a idea de que a resposta do menor ante a situación de divorcio depende do grao de desenvolvemento e da súa idade. Barea, Ben-yahia, Luque e Fernández (2015) consideran que segundo a etapa evolutiva na que se atopen os cativos no momento da ruptura matrimonial, os efectos son máis específicos. É o caso dos nenos entre un e tres anos, os cales soen ter problemas para durmir, choran en exceso, amosan ansiedade por separación, etc. entre os tres e os cinco anos, poden amosar condutas regresivas como mexarse na cama, succionar o polgar, etc. En idades temperás os nenos poden presentar reaccións de culpabilidade polas pelexas dos pais, condutas disruptivas de forma repetitiva e ter que lidar cos efectos de presenciar as disputas familiares (Cantón et al., 2002; Orgilés et al, 2007). Soen ser máis susceptibles a culpase da ruptura así como máis vulnerables a influencia dun proxenitor, podendo posicionarse fronte ao outro (De La Torre, 2005). Orgilés et al. (2007) afirman que os nenos en idade preescolar presentan maiores dificultades para entender e aceptar a nova situación da familia transmitíndoo a través dos problemas de comportamento, tristeza, ou autoestima baixa. Outros estudos confirman que os nenos de entre oito e nove anos fillos de pais separados presentan máis ansiedade que os mais maiores e as nenas amosan máis medo á separación en todos os factores menos en malestar pola separación (Orgilés, Espada e Méndez, 2008).

Seguindo a Cantón et al. (2002), Morgado (2003), Novo et al. (2003) e Ortuño e Lafuente (2015) poden determinarse certos aspectos evolutivos asociados á separación ou ao divorcio, en función da idade:

Primeira infancia (de cero a tres anos aproximadamente). Poden aparecer condutas regresivas, a necesidade de buscar seguridade e apego, e a volta á dependencia onde xa había certa autonomía. Tamén problemas de alimentación, de sono e aseo, irritabilidade, choro excesivo, e apatía.

Idade preescolar (de tres a sete anos aproximadamente). Procesan a información de xeito distorsionado, podendo xurdir pensamentos de culpa. Combinan realidade e fantasía e é posible que pensen que eles poden ser abandonados polos seus pais, ou ter medo a perder ao pai custodio. Soe aparecer a rabia, ira e incluso agresividade. Tamén a confusión, os temores e queixas, a demanda de mimos, agresión, tristeza, etc. A ansiedade por separación pode causar situacións tensas, tanto no contexto familiar como no escolar. Noutros momentos é habitual que o cativo se negue a ir co pai co cal non convive.

Idade escolar (de sete a doce anos aproximadamente). Seguen sen ter capacidade de anticipación e aparece a necesidade de saber qué é o que pasa. Xorde a fantasía de reconciliación, a ira segue presente, e a pena e a tristeza poden aflorar con máis frecuencia e intensidade. Neste momento poden volver aparecer medos que xa estaban superados así como condutas regresivas e dependentes.

É posible que nesta etapa os nenos reciban máis información da que precisan e máis responsabilidades das que son capaces de afrontar. Aparecen mecanismos de defensa que buscan ocultar o seu malestar, pode xurdir a indiferenza ou o distanciamento emocional, a ira, e as alianzas con algún dos proxenitores se os vínculos non son sólidos.

Os sentimentos que soen aflorar son o de perda, de traizón e rexeitamento, vergonza e soidade, os problemas de conduta tamén poden presentarse así como os que afectan a nivel escolar. Amosan ansiedade por separación, poden culpase pola separación e seguen confusos inda que comezan a comprender o proceso. Nesta etapa a culpa soe dirixirse cara ambos proxenitores. As expectativas de reconciliación tamén son menores, así como o sentimentos de abandono.

En canto ao contexto escolar, os cativos poden presentar dificultades na relación cos iguais, agresividade e baixa tolerancia á frustración. Pode xurdir unha diminución do rendemento escolar.

Adolescencia (de doce a dezaioito anos aproximadamente). Son máis sensibles a comentarios externos, buscan obter información de diferentes fontes e indagar sobre os porqués de determinadas situacións. Desaparece a necesidade de buscar culpables, a súa visión sobre o divorcio vólvese máis complexa e son conscientes dos cambios que supuxo o mesmo. Xorde a preocupación pola perda de vida familiar e polo seu propio futuro, as condutas soen ser inmaduras, e o desenvolvemento da independencia é ou moi temperá ou moi tardío. Son capaces de predicir e anticipar, e os pensamentos de inxustiza poden aumentar. Soe existir o medo, a culpabilidade e a soidade, e dito proceso pode carrexar que moitos adolescentes sufran depresión aguda.

1.4. Factores de risco e protección dos fillos ante o divorcio

Ante unha situación de divorcio a variabilidade de respostas dos nenos é un feito constatado a día de hoxe (Cantón et al., 2002; Montenegro, 2003; Seijo, Fariña e Novo, 2000). Ata a década dos anos oitenta as investigacións levadas a cabo comprobaron que os fillos de familias separadas ou divorciadas tiñan máis problemas emocionais, comportamentais e de rendemento escolar que os descendentes de familias intactas. Sen embargo, na década dos noventa comezouse a comprobar que os efectos nos menores variaban en función dunha serie de factores influentes antes, durante e despois da

ruptura (Montenegro, 2003). As investigacións actuais deixaron de lado un modelo patóxico optando por un modelo fundamentado nos factores de risco e protección (Cantón e Justicia, 2007a). Esta nova perspectiva busca identificar as variables relacionadas co neno, cos procesos familiares e co contexto que permitan explicar a relación entre a ruptura conxugal e os problemas de adaptación que presentan os cativos. Incorporan unha perspectiva evolutiva, ecolóxica e sistémica, facendo fincapé nas capacidades e limitacións cognitivas, sociais e emocionais de cada estadio evolutivo; nos cambios da estrutura familiar e nos contextos sociais e redes de apoio entre outros (Cantón et al. 2002; Cantón, Cortés, Justicia e Cantón, 2013). Dende esta, enténdese que o divorcio en si non é o que carrega efectos negativos nos fillos; variables como a idade, o sexo, o paso do tempo, as características das familias e as relacións que nela se establecen antes, durante e despois da ruptura determinan a aparición ou non de consecuencias negativas para o desenvolvemento (Orgilés et al., 2007; Seijo et al., 2010). Así, que a ruptura dea lugar a desaxustes ou non, dependerá de factores de tipo familiar e individual (Fariña et al, 2013; Fariña, Novo, Arce, e Seijo, 2001).

Existen pois unha serie de variables que poden aumentar o risco de desaxuste persoal, familiar e social. Novo, Arce e Rodríguez (2003) establecen como factores de risco nos menores, derivados dunha situación de ruptura matrimonial os seguintes:

- **Cumprimento do réxime de visitas.** Se o réxime de visitas é claro, estruturado, e alleo ao conflito, a previsión do axuste dos cativos será favorable. De acordo con Seijo et al. (2000) a estabilidade e previsibilidade do réxime de visitas é máis beneficiosa para o menor que a frecuencia das mesmas.

- **Novos matrimonios.** Poden dar lugar a problemas condutuais, pero de por si non son prexudiciais.

- **Recursos económicos.** O estres económico que poden sufrir as familias despois da ruptura afecta ao axuste psicolóxico dos nenos (Morgado e González, 2012).

- **Tempo transcorrido dende a separación** (Cantón et al. 2002; Seijo et al., 2000).

- **Separación dos irmáns.** Podendo dar lugar a inestabilidade emocional, psicolóxica ou condutual.

- **Estado psicolóxico dos pais.** Investigacións sobre os efectos da ruptura nos menores consideran o desequilibrio emocional como un dos factores preditores de desordenes (Cantón et al., 2002). Algúns estudos advirten que os efectos do divorcio nos cativos están directamente relacionados co axuste emocional dos proxenitores, sobre todo no que respecta á relación postdivorcio que estes manteñan (Fariña, Seijo et al., 2014).

Fariña, Arce et al. (2001) engaden como factores de risco os seguintes:

- **Idade dos descendentes da parella.** O nivel de desenvolvemento cognitivo, social e emocional propio de cada estadio evolutivo afectará á comprensión do divorcio e á capacidade para afrontar os factores de estres asociados (Cortés e Cantón, 2007; Orgilés et al., 2007). Sen embargo, os resultados ao respecto, indican que a diferenza estriba no tipo de problemas ou dificultades de adaptación (Cantón et al., 2007). En relación á influencia da idade, Orgilés et al. (2007) comprobaban cómo esta afecta á comprensión do neno da situación de ruptura. Atoparon que os nenos de preescolar tiñan máis dificultades para aceptala amosando problemas emocionais, de conduta, illamento social e pouca autoestima. Pola súa parte, Cantón, Cortés, Justicia e Cantón (2013) afirman que os nenos máis pequenos teñen menos capacidade para avaliar de xeito realista as causas e consecuencias da ruptura matrimonial, sendo frecuente que cheguen a culpase ou sentirse abandonados. Pola contra, outras investigacións insisten na maior vulnerabilidade dos adolescentes debido aos cambios que sofre a nivel persoal e de relacións (Cantón et al., 2002).

- **Nivel de conflito parental.** Pode relacionarse coa presenza de estres e cun maior desaxuste. Hai autores que afirman que o divorcio en si non desencadea os efectos experimentados nos menores, senón que é a conflitividade do período anterior á ruptura o que carrega ditos efectos (Seijo et al., 2000). López (2011) considera que os factores de risco relacionados co divorcio son os conflitos de parella percibidos polos fillos antes, durante e despois do proceso, así como tamén a concepción da ruptura como un fracaso, os cambios na vida cotiá, a falta de colaboración entre os pais no que ao coidado dos fillos se refire, etc. Montenegro (2003) destaca os conflitos antes e despois da ruptura como elemento de maior importancia entre toda a diversidade de factores de risco. Por iso, canto menos participen nos conflitos, se manipulen os seus sentimentos e vontades e se lles force para escoller entre os seus pais, mellor será a súa adaptación (Seijo et al., 2000).

- **Ausencia dunha explicación adaptada á idade do menor** por parte de ámbolos dous proxenitores sobre o que acontece ao seu redor, pode xerarlle angustia, confusión e inseguridade.

- **Deterioro da imaxe do outro proxenitor.**

- **Pautas educativas independentes,** que estean en función do proxenitor que as adopte, pode traer consecuencias nocivas no desenvolvemento dos menores.

- **Xénero do pai custodio.** Nesta variable aparecen dúas orientacións, unha que defende que o xénero do pai custodio produce diferenzas no nivel de axuste despois da

separación, outra que manifesta que a adaptación non se ve afectada polo xénero da persoa que teña a custodia (Seijo et al., 2000).

As investigacións máis actuais céntranse no papel do **proxenitor non custodio** e nas consecuencias que desta figura se derivan. Os factores de risco relacionados con el son a mala relación cos pequenos e a ausencia de disciplina (López-Larrosa, 2009). Pola súa parte, Ramirez, Botella e Carrobles (1999) confirman que os nenos que manteñen visitas regulares co proxenitor non custodio amosan menos atribucións culpabilizadoras que aqueles cuxa relación é irregular ou inexistente.

Outros autores establecen como factor de risco a **personalidade, o temperamento e as estratexias de afrontamento** dos menores. De acordo con Cantón et al. (2007), cando o menor ten un temperamento difícil a súa capacidade de adaptación diminúe. Os cativos con emotividade negativa probablemente se sintan ameazados, tentando evitar a situación, podendo derivar en problemas de conduta e depresión (Cantón et al., 2013). Isto levaraos a empregar un afrontamento de evitación. Segundo os autores, os suxeitos que usan un afrontamento activo terán un mellor axuste psicolóxico, e o mesmo ocorre cos cativos con un temperamento fácil con trazos como a persistencia, responsabilidade ou non influenciabilidade. Outros estudos identificaron unha serie de recursos cognitivos relacionados coa calidade de adaptación dos menores como a avaliación realista do control ou a elaboración de atribucións e concepcións exactas sobre a separación dos proxenitores (Cantón e Justicia, 2007a). Dende esta liña, considerase que os descendentes de familias divorciadas con erros cognitivos valoran os feitos de maneira máis negativa, esaxerada e pesimista, o cal pode derivar en depresión e ansiedade. Tamén a valoración do divorcio como feito intencionado pode dar lugar a estratexias de evitación por parte dos cativos.

De acordo con Morgado e Cairós (2015) a percepción que os nenos teñen da calidade da relación interparental é unha variable que inflúe na experiencia da ruptura, así como a satisfacción que estes teñen con respecto a súa familia. Por outro lado, Cantón et al. (2013) consideran que existen datos que constatan que a adaptación das fillas é máis rápida e as súas manifestacións condutuais son menos visibles, constatando que o sexo tamén é un factor influínte (Cantón et al., 2002; Cantón e Justicia, 2007a). Fariña et al. (2002) afirman que existen diferenzas en canto ao xénero. Segundo eles, as nenas teñen un mellor axuste psicolóxico que os nenos, os cales amosan problemáticas maiores en canto a aprendizaxe escolar e déficit de habilidades sociais. Sen embargo, indican que as mulleres novas que, pasaron na infancia por situación de divorcio son máis vulnerables, amosando máis dificultades que os varóns á hora de establecer relacións interpersoais, ou presentando maior ansiedade. Outras investigacións suxiren

que as nenas experimentan o mesmo estres que os nenos ante o conflito parental, pero é máis probable que actúen de forma pasiva ou con boa conduta (Cortés e Cantón, 2007).

En canto aos factores protectores, Pedro-Carroll (2005) clasifícaos en individuais, familiares e extrafamiliares. Entre os individuais sinala o estilo de afrontamento activo e afectivo, unhas atribucións axustadas, e unha avaliación realista das súas posibilidades de control entre outros. No caso dos factores familiares inclúense a relación cooperativa entre os proxenitores (Morgado e González, 2012) ou os contactos co proxenitor non custodio e a calidade das relacións familiares (Morgado e Cairós, 2015). Entre os extrafamiliares destacan o apoio de adultos que serven como modelo, a familia extensa e os programas de intervención. Outros autores como López (2011) establecen como elementos de protección o feito de separarse de mutuo acordo, a explicación adecuada aos fillos da ruptura, acudir aos servizos de mediación no caso de ser preciso e a colaboración de ambas partes no coidado dos fillos, entre outros. Cantón et al. (2002) consideran que as pautas de crianza democráticas reducen en gran medida o conflito. Se o nivel de conflito é baixo e hai unha alta colaboración entre os proxenitores o axuste postseparación será máis favorable (Seijo et al., 2000). De acordo con Cantón e Justicia (2007b) a crianza baseada no apoio aos fillos conforma un factor de protección que pode potenciar a resistencia, incluso en casos onde a conflitividade é moi elevada. Nesta mesma liña, Fariña e Arce (2006) entenden que se a ruptura de parella non implica ruptura de familia, se os proxenitores se manteñen equilibrados psicolóxicamente e levan a cabo de xeito responsable a súa labor parental, os menores non terán porque situarse no grupo de risco de desaxuste psicolóxico, emocional, familiar e social. Outros autores como Fariña et al. (2013) poñen énfase no respecto aos dereitos dos menores como factor de protección, e en contraposición, o non cumprimento das obrigas dos proxenitores conformará un factor de risco.

1.5. Influencia do divorcio no rendemento escolar

Entre a temática máis común referida aos descendentes de pais que pasaron por unha ruptura matrimonial, o estudo dos efectos sobre o rendemento académico ocupa un lugar privilexiado. Unha conclusión xeneralizada destes estudos, que comparan os fillos de pais divorciados coas familias intactas é que os das familias divorciadas presentan un menor nivel educativo e peores resultados en canto a rendemento académico se refire (Ruíz, 1997).

Sobre as consecuencias da ruptura no rendemento académico dos menores, os problemas escolares son confirmados polas valoracións dos docentes. Así, os mestres sinalan que ao redor do 68% dos menores presentan cambios importantes na traxectoria

escolar, en gran medida derivados dun aumento dos problemas de atención e concentración, provocando así unha diminución do seu rendemento escolar (Seijo et al. 2002). Nesta liña, o estudo de Robledo (2010) pon de manifesto que en relación co rendemento escolar, os docentes consideran que os nenos despois do divorcio amosan problemas de atención, baixo rendemento, menos interese nas tarefas escolares, entre outros aspectos. Outro estudo centrado na percepción do profesorado respecto aos efectos da separación e o divorcio é o de Alonso, Montes, Fariña e Vázquez (2015). Dita investigación sinala que o profesorado de educación primaria considera que as rupturas matrimoniais teñen unha repercusión negativa no alumnado, incidindo de forma prexudicial no seu aprendizaxe. Ademais, os profesionais da educación entenden que este alumnado presenta risco de levar a cabo comportamentos disruptivos e que esta situación tamén pode incidir na súa motivación académica e nas expectativas de futuro. Os profesores informan que no caso de conflito ou de baixa colaboración entre os proxenitores, a comunicación coa familia tórnase máis complexa.

Valdés et al. (2011) confirman no seu estudo que variables tales como o tempo do proceso de divorcio, a situación socioeconómica da familia, o conflito interparental ou a frecuencia do contacto dos fillos co proxenitor non custodio relaciónanse significativamente co desempeño académico e coa conduta dos estudantes. Investigacións como a de Velasco, Vázquez e Seijo (2014) poñen en evidencia que o tipo de estrutura familiar inflúe de xeito significativo na variable académica de repetir curso; pois os estudantes que pertencían a familias que pasaran por un proceso de ruptura familiar, en comparación cos fillos de familias intactas, amosaban máis dificultades para superar o curso académico. Estes resultados poden entenderse como unha evidencia da vulnerabilidade a presentar dificultades escolares e ata fracaso escolar. Escapa (2017) analiza no seu traballo os efectos da separación ou divorcio no rendemento educativo dos fillos, incluíndo como factor de análise a conflictividade entre os pais. Os resultados indican que os fillos de familias que pasaron por unha ruptura que manteñen unha relación conflictiva teñen maior probabilidade de obter peores resultados educativos que os fillos de pais divorciados sen conflito e de fogares biparentais. Sen embargo, Escapa atopa evidencias de que os fillos de familias divorciadas sen conflito teñen menor probabilidade de ter unha nota media de suspenso que aqueles que viven nunha familia intacta.

Segundo Seijo et al. (2002) cando se produce a ruptura familiar, alterase o aprendizaxe dos menores porque interfere nos patróns de estudo. As evidencias indican que os fillos de parellas que sufriron unha ruptura é máis probable que amosen dificultades académicas e niveis inferiores de rendemento en probas estandarizadas,

motivación ao logro e aspiracións educativas. Ademais hai tamén menos posibilidade de que completen o ensino secundario ou que asistan á universidade (Cantón et al., 2013). Pola súa parte, González (2001) afirma que o menor pode expresar a súa desconformidade ou os seus medos a través da agresividade e unha diminución do seu rendemento escolar.

De acordo coa investigación de Santelices e Scagliotti (2005) os indicadores académicos percibidos polo profesorado no alumnado dos primeiros cursos do antigo Ensino Xeral Básico que provén de familias monoparentais asociadas á separación dos pais, son a escasa atención nas clases e o desinterese, o baixo rendemento, a inmadurez e os problemas xerais de aprendizaxe. Por outra banda, a investigación de Novo et al. (2014) evidencia diferenzas significativas no rendemento académico, concretamente atopase que os descendentes de familias separadas cambian de escola con maior frecuencia que os que residen cos dous proxenitores, informan de maiores índices de absentismo escolar; amosan cualificacións escolares inferiores; e presentan tamén maiores problemas en áreas instrumentais específicas como lectura, escritura e matemáticas. Outros estudos indican que os descendentes de pais divorciados teñen máis probabilidade de ter problemas académicos e un menor rendemento escolar. Motivación, autoestima e realización persoal son aspectos afectados neste alumnado e que inflúen a nivel académico. A pesar das evidencias, os efectos derivados de estes conflitos familiares variarán segundo factores como a idade ou as características dos fillos (Justicia e Cantón, 2007).

BLOQUE II. O DIVORCIO NA ETAPA DA EDUCACIÓN INFANTIL

2.1. Escola, divorcio e diversidade familiar

Os cambios producidos no ámbito familiar son un feito constatado. As transformacións sociais e demográficas acarearon grandes implicacións na configuración das familias (Escapa, 2017). A familia actual pouco ten que ver coa familia tradicional, en canto aos seus compoñentes, aos roles, á dinámica de relacións ou ao modo no que se constitúen. As familias xa non teñen como paso inicial o matrimonio, pois aumentou o número de parellas que conviven sen casarse; a autoridade soe estar compartida entre os adultos da familia; e os roles entre homes e mulleres soen ser cada vez máis semellantes. Así mesmo, en canto as figuras que compoñen a familia, os diversos cambios legislativos propiciaron unha maior diversificación dos modelos familiares (López et al., 2008). A familia pode estar constituída por un pai ou nai solteiros con fillos, unha muller que traballe con un marido que se encargue da casa, parellas con fillos adoptivos, formadas por persoas de diferentes relixións, etc., todo isto reflexo da diversidade social.

A proporción de familias biparentais ou intactas diminuíu, pola contra, os menores que viven en familias monoparentais ou familias reconstituídas aumentou (Escapa, 2017). É por iso que resulta complexo delimitar os trazos e características que definen a familia moderna, non acadándose unha unanimidade ao respecto. Elementos como os cambios lexislativos, os aspectos demográficos, a incorporación da muller ao traballo, o divorcio, a redución do tamaño das familias, etc., teñen cabida dentro do que pode chamarse a familia postpatriarcal ou postmoderna (Torío, 2004).

Familia e escola son dous piares do proceso educativo e as súas funcións son complementarias, polo que o diálogo debe ser permanente (Kñallinsky, 2001). Ambas son contextos fundamentais de desenvolvemento dende os tres anos ata a adolescencia media; complementarios e diferenciados, e con importantes repercusións no proceso evolutivo dos cativos (López e Díez, 2009; Menéndez, Jimenez e Lorence, 2008). A escola constitúe un contexto de gran valor para o aprendizaxe na resolución de conflitos en clave positiva, e xunto coa familia, desempeña tamén un papel fundamental na aprendizaxe emocional dos menores (Sureda, 2007). Cando se analiza a importancia das relacións entre ambos contextos e a súa influencia bidireccional, faise fincapé nos vínculos formais entre ambos como é a relación entre familias e o profesorado ou o grado de implicación das primeiras na escola. Segundo Menéndez et al. (2008) para que esta relación persista é preciso que tódalas familias se sintan identificadas e respectadas dentro da institución escolar. Por outra banda, Kñallinsky (2001) afirma que a institución escolar, non pode por si soa afrontar as esixencias cada vez maiores, polo que debe manter relacións dinámicas con outras institucións, especialmente coa familia.

A escola ten relación con toda esta diversidade de modelos familiares a través dos menores que medran nelas, a cal se reflicte nas súas aulas (López et al., 2008). Segundo Torío (2004), na actualidade, familia e escola atópanse nun período de cambios profundos e acelerados, onde a relación bidireccional entre ambas segue a ser unha necesidade. Esta implicación inclúe a corresponsabilidade no logro de metas educativas así como a colaboración nos procesos instrutivos escolares dos ámbitos que constitúen o proceso educativo, o ámbito familiar, o escolar e o social. Este autor considera indispensable establecer novos esquemas de colaboración entre familia e escola baseados no respecto mutuo e no traballo conxunto, co fin de adaptar a educación ás esixencias da sociedade actual. Así mesmo, é preciso o diálogo entre ambas institucións para buscar puntos de converxencia e delimitar as competencias de cada unha para explorar vías de comunicación e conexión.

Tradicionalmente a escola obviaba a diversidade de familias e mesmo amosaba prexuízos ante a mesma (López et al., 2008). Estes autores propoñen como primeiro

requisito que a escola debe coñecer a realidade familiar do alumnado para ter en conta nas súas comunicacións e nas programacións de aula. Neste sentido, resulta moi importante a intervención educativa do profesorado, encamiñada a traballar os diferentes tipos de familia e os cambios experimentados no seo da mesma. López et al. (2008) entenden que a institución escolar ten a responsabilidade de efectuar as modificacións imprescindibles para incluír nela a diversidade familiar.

Na actualidade, segundo González, Morgado e Sánchez-Sandoval (2002), inda que esta transformación familiar é un feito evidente, o proceso de adaptación das institucións sociais non sempre vai en paralelo. Estas autoras afirman que a escola segue a ser unha institución pouco sensible a esta diversidade, pois permanece sen efectuar os esforzos precisos para adaptarse a esta heteroxeneidade. O seu estudo confirma que a escola, coa súa actuación máis achegada a unha visión tradicional da familia, transmite aos cativos que viven en fogares diferentes que as súas familias son anómalas. López e Díez (2009) consideran que cando a diversidade familiar non se trata na aula dende a tolerancia e o respecto, aparece unha discontinuidade entre escola e familia. Deste xeito, os rapaces que viven en realidades familiares afastadas do modelo tradicional, poden atoparse con unha falta de identificación e non recoñecemento do principal contexto de crianza. Pola súa parte, Barea et al. (2015) sinalan que é pouco o coñecemento sobre cómo traballan a diversidade os docentes nas aulas e cómo a perciben os cativos. A escola pode ser o primeiro contexto onde o cativo se dá conta de que a súa familia é diferente. Por iso resulta fundamental que dende a mesma se preste atención ás actitudes que se poñen en marcha ante esta diversidade familiar; sobre todo no que respecta ao profesorado, que será peza clave pois as súas expectativas e ideas marcarán a diferenza entre a aceptación e o rexeitamento da variada tipoloxía de familias (Morgado, Jiménez- Lagares e González, 2009).

“A disolución dos vínculos matrimoniais é unha das fontes principais de formación de novos núcleos familiares con configuracións diferentes á familia nuclear tradicional” (Rodríguez, 2002, p. 283). Tendo presente esta idea e seguindo a Vázquez, Fariña e Arce (2005) a escola non pode permanecer allea ás demandas sociais, polo que debe incorporar á súa dinámica curricular o desenvolvemento de habilidades cognitivas, emocionais e condutuais que lle permitan aos menores superar calquera evento traumático, como pode ser o divorcio dos pais. Centro educativo e actuación do profesorado son dous factores importantes na adaptación dos menores ao divorcio (Vázquez, Alonso-Armada e Fariña, 2014). Robledo (2010) asegura que a escola xoga un papel moi importante para os menores que pasan por un proceso de separación ou divorcio dos seus pais, e que a cooperación familia-escola é unha estratexia que lle

permite aos menores superar esta situación. A investigación ao respecto demostrou que as escolas teñen a posibilidade de contrarrestar a vulnerabilidade que os menores poden presentar en momentos de conflito no fogar (Dowling e Barnes, 2007). Barea et al. (2015) entenden que ademais do contexto familiar, o escolar é tamén importante para a resolución dos problemas dos cativos. Estes mesmos autores consideran que a escola debe coñecer a situación concreta de cada un dos nenos e cooperar coas familias. A cooperación entre familia e escola e o fortalecemento do equipo parental son as estratexias que axudan aos menores a superar a situación de divorcio (Robledo, 2010). Pero para actuar dende a escola de xeito eficaz é preciso dotar ao profesorado da formación adecuada, sensibilizalo sobre a problemática para que deseñe e participe en propostas de intervención sobre a temática (Vázquez, Fariña, Alonso-Barcia, 2013).

López-Larrosa (2009) afirma que os servizos comunitarios, entre eles a escola, son un recurso para as familias que pasan por un proceso de divorcio. Esta autora entende que a escola debe adoptar medidas para traballar o divorcio que van dende a consideración a nivel de currículo da diversidade familiar, ata a axuda psicolóxica ou social dentro do mesmo centro. Considera importante manter unha comunicación aberta cos pais e informar aos dous proxenitores nas cuestións relativas ao menor, así como ofrecer aos profesionais docentes de servizos internos ou externos para asesorarse en temas relacionados coas rupturas familiares.

É neste ambiente escolar onde o cativo pode atopar un contexto familiar e predicible que lle ofrezca seguridade e estabilidade e é nel tamén onde cabe a posibilidade de manifestarse sentimentos que os cativos non poden expresar nos seus fogares a través de condutas cara os iguais ou profesores (Donoso, 2002; Dowling e Barnes, 2007). En moitas ocasións a escola non ten coñecemento das situacións de estres que poden estar afectando aos rapaces. Sen embargo, hai moitas formas de detectar ditos feitos a través de indicios como poden ser a falta de concentración, os comportamentos disruptivos ou agresivos, etc. (Dowling e Barnes, 2007). Robledo (2010) entende que a actuación do profesorado, sobre todo na etapa de educación infantil, é fundamental pois poden detectar, incluso antes que a familia, os cambios derivados do conflito familiar.

2.2. Repercusións do divorcio na aula de educación infantil

Entre os dous e os sete anos as reaccións máis comúns dos menores, como consecuencia á ruptura matrimonial dos proxenitores, soen ser as fantasías de reconciliación dos pais; a confusión, ansiedade, enfado e medo; sentimentos de culpa e abandono; trastornos de sono ou retrocesos no seu desenvolvemento (Sureda, 2007). Cando a necesidade de seguridade emocional se ve ameazada debido a unha ruptura

familiar, os descendentes, sobre todo os menores de seis anos, senten unha gran conmoción que xera angustia, tristeza e dor (Orellana, Sánchez- Barranco, Sánchez- Barranco, 2004). Estes e outros efectos, reflíctense na aula de educación infantil. De acordo con Robledo (2010) que o alumnado se amose agresivo ou retraído, perda o interese nas tarefas escolares ou de vez en cando non vaian á escola poden ser algúns dos sinais de que hai conflitos na casa. Outras dificultades, como os trastornos alimentarios, poden aparecer con un carácter máis persistente e a longo prazo.

Estudios como o de Orgilés et al. (2007) poñen de manifesto que os preescolares entre tres e seis anos, fronte ao resto de grupos de idade, manifestan máis problemas emocionais, de conduta, illamento social e pouca autoestima. Este mesmo grupo de idade presenta máis dificultades para aceptar que a separación matrimonial é un feito permanente. Outros, como o de Vázquez et al. (2014) sinalan que o profesorado de educación infantil opina que a separación e o divorcio teñen repercusións negativas no alumnado, afectando negativamente ao seu aprendizaxe. Ademais, consideran que pode influír na súa motivación académica e expectativas de futuro, podendo presentar tamén comportamentos disruptivos.

Seguindo a Robledo (2010) os rapaces que pasan por unha ruptura familiar entre os dous e os seis anos soen ter pensamentos distorsionados e é habitual que adquiren responsabilidades para as cales non están preparados. As perrenchas e a necesidade de atención constante soen estar presentes nestas idades. A ansiedade por separación pode dar lugar a situacións tensas e desagradables tamén no contexto escolar.

González (2001) establece unha serie de sinais de alarma que lle poden axudar ao mestre a detectar posibles conflitos no ámbito familiar:

- Reaccións intensas que durante mais dun ano.
- O menor parece preocupado e chora constantemente.
- Solicita axuda constantemente.
- Empeora o seu rendemento escolar e non se recupera, sen que existan indicios de problemas de aprendizaxe ou de carácter social.
- Amosase ansioso, intranquilo e tenso.
- Poden aparecer medos e fobias non razoables e tamén problemas para concentrarse nas tarefas.
- Os seus xogos están relacionados con pelexas e fantasías de reconciliación dos pais.
- Existe a posibilidade de que perda o interese polo xogo e tamén que se ille do resto do grupo.
- Pode intentar autoestimularse balanceándose, chupándose o dedo, etc.

- Fala constantemente sobre a morte.
- Amosa unha baixa autoestima, problemas de sono e de alimentación.

2.3. O profesor ante o divorcio. Recomendacións para traballar na aula.

A labor dos mestres, sobre todo na etapa de Educación infantil resulta crucial xa que en moitos casos son eles os primeiros que detectan indicios de que algo está a pasar no ámbito familiar (Robledo, 2010). Os docentes atópanse nunha situación privilexiada en relación ao seu alumnado, pois son coñecedores tanto deles como das súas familias (Seijo et al., 2002). É aconsellable que estean ao tanto de estratexias que faciliten a asunción e superación do proceso de divorcio por parte dos menores (Barea et al., 2015).

Estudos como o de Vázquez et al. (2013) evidencian que ante os efectos negativos que a ruptura matrimonial ten na aula de infantil en canto á evolución académica dos cativos, o profesorado amosa unha actitude positiva e de sensibilización cara o afrontamento de dito proceso. Sen embargo, os docentes afirman non posuír os coñecementos e formación necesaria para intervir adecuadamente sobre esta problemática.

Se a detección temperá pode axudar a reducir o risco de dificultades de adaptación á ruptura matrimonial, o profesor pode xogar un factor moi importante, para que as consecuencias negativas derivadas da mesma se superen adecuadamente. Os docentes poden detectar condutas relacionadas con altos niveis de agresión, tristeza, irritabilidade ou rebeldía. Outras condutas que poden visualizarse na aula son as relacionadas co apego e coa ansiedade por separación (Robledo, 2010). É importante que o docente observe ao alumnado que pasa por esta situación (Barea et al., 2015). A percepción dos profesionais e a precisión das súas observacións respecto aos estudantes, poden ser moi importantes para detectar a tempo os nenos que poidan estar experimentando dificultades persoais como consecuencia da separación dos pais. Os indicadores que os docentes poden perfilar nos ámbitos afectivo, social e académico a partir das súas observacións poden orientar ao apoio, tanto para os estudantes como para a familia, e axudar a reducir os efectos da ruptura (Santelices e Scagliotti, 2005).

De acordo con Donoso (2002) os profesores poden axudar aos menores a manexar os seus sentimentos, mantendo unha relación cálida e de confianza con eles. É importante que os mestres coñezan a situación familiar e emocional do alumnado e que establezan un diálogo continuo con ambos proxenitores. Segundo Donoso, isto permitiralle interpretar correctamente as dificultades que poidan xurdir na aula. Igualmente importante é establecer un estilo comunicativo e contacto emocional que

posibilite a proximidade co alumnado, e empregar a observación como fonte de información nas súas actividades habituais, nos seus debuxos, etc. Os mestres de Educación Infantil soen dispoñer de variedade de recursos para traballar tanto sentimentos como pensamentos do alumnado que lle sirvan de apoio aos cativos que están pasando por situacións conflitivas a nivel familiar (Robledo, 2010).

Santelices e Scagliotti (2005) consideran importante que o mestre conte con certa información da familia, co fin de que o neno saiba que el é sabedor da mesma e poida deixar de ver a situación como algo vergonzoso. Na escola o adulto significativo xoga un rol moi importante en canto ao apego. O profesional debe tomar conciencia das necesidades e capacidades do alumnado e a partir desta información crear contextos nos que sintan afecto, aceptación e desenvolvan confianza tanto no adulto como no contexto. De acordo con Velasco et al. (2014) o mestre debe estar atento á evolución do rendemento académico do seu alumnado, e no caso de advertir cambios significativos debe solicitar axuda de ser preciso.

Donoso (2002) establece como estratexias que poden ser empregadas polos docentes que contan entre o seu alumnado con menores que sufriron unha ruptura matrimonial, as seguintes:

- Observar e rexistrar os cambios de conduta do alumnado.
- Estar atento aos cambios en relación á tolerancia e frustración.
- Coñecer as estratexias de resolución de conflitos que emprega o cativo.
- Descubrir cómo se enfronta ás tarefas.
- Recoñecer posibles dificultades de aprendizaxe.
- Ofrecer unha relación afectuosa e de confianza.
- Levar a cabo unha escoita activa e afectiva.
- Incentivar ao menor para que pida axuda cando o precise.
- Empregar un estilo comunicativo que permita que o alumnado exprese os sentimentos e ideas sobre a ruptura dos proxenitores.
- Aplicar actividades que posibiliten o desenvolvemento de habilidades comunicativas e de resolución de problemas.
- Establecer e manter límites e normas claras na aula.

González e Guinart (2011) sinalan tamén certas pautas que os mestres poden desenvolver na súa aula en relación ao alumnado en situación de conflito familiar e que poden complementar ás anteriores. É o caso de intentar que o menor nos conte a situación na que se atopa, e a importancia de empregar unha linguaxe adaptada tanto á idade como ás características do alumnado. Estas mesmas autoras consideran que os docentes deben evitar manifestar desaprobación ou rexeitamento cara o alumnado,

solicítarlle que comente determinados feitos ante outras persoas, insistir para obter respostas, culpabilizar ao menor ou suxerir respostas nunha determinada dirección.

Considerase crucial ofrecer tempos e espazos para a expresión de sentimentos e emocións. Segundo González (2001), canto mais poida o alumnado compartir os seus sentimentos menos se darán as condutas de agresividade ou de baixo rendemento académico. Nesta mesma liña, Barea et al. (2015) propoñen realizar actividades de escoita nas que o alumnado poida explicar cómo é a súa familia a través do role-playing, materiais audiovisuais, debuxos, relatos de historias...

Barea et al. (2015) mencionan como posibles recursos dispoñibles para traballar esta temática na aula os debates, actividades psicomotoras, os contos e as cancións. Entre todas elas destacan o conto pois permite transmitir moitos valores e pensamentos, á vez que se constitúe como elemento motivador e atractivo para os cativos. Este recurso pode permitirlle achegarse a certas situacións dende a perspectiva do protagonista, ao cal se lle expón un conflito a resolver.

Adaptar os materiais de aula e darlle cabida a estilos de familia que non son os convencionais é outra tarefa dos docentes. De acordo con Barea et al. (2015) é beneficioso traballar os diferentes modelos de familia, tratándoos con normalidade e remarcando os aspectos positivos. Estes autores consideran unha necesidade cambiar o enfoque dende o que se traballa a familia, deixando nun segundo plano os compoñentes da mesma, e destacando a calidade das relacións interpersoais que nela se producen e o benestar que lle proporcionan ao menor en tódolos ámbitos. Tratar a diversidade coa maior normalidade posible e normalizar tamén as experiencias de familias separadas ou divorciadas son accións que pode levar a cabo o profesorado. Morgado (2003) entende que a intervención nas aulas debe flexibilizar o concepto de familia e defender a diversidade familiar. Neste sentido, resulta importante dar cabida a modelos de familia non convencionais como modelos igualmente válidos. Así facilitarase a representación que o alumnado constrúe sobre a institución familiar, non centrada unicamente na familia convencional. Ao mesmo tempo, estaremos previndo situacións nas que con frecuencia o alumnado amosa dificultades para comunicar certas circunstancias familiares que os poden facer sentir diferentes do resto (Dowling e Barnes, 2007).

É posible que en certos momentos o docente deba prestar atención especial ao menor que pasa pola ruptura dos proxenitores. Por iso pode ser necesario intervir directamente co alumnado que pasa ou pasou por situacións de ruptura familiar; propoñendo tarefas para dotar de estratexias aos menores para a resolución de conflitos, ou favorecer a comunicación entre os membros da familia (Morgado, 2003).

A ira pode ser un efecto visible na aula. Pode ser sinal de demanda de axuda, información sobre a súa frustración ou como consecuencia da falta de comunicación. O mesmo que a familia, o mestre ten a posibilidade de axudarlle ao menor a entender o que senten e a canalizar de forma adecuada as emocións negativas. A ira do cativo soe manifestarse a través do seu comportamento que acostuma a ser explosivo. O mestre ten como tarefa a de ensinar aos nenos a recoñecer, validar e expresar a súa ira de forma correcta. É posible que ante este tipo de situacións o docente deba ofrecer atención extra ao alumnado, así como axudarlles a que falen do seu enfado empregando un ton tranquilo e calmado. A empatía pode facilitar a tarefa, e así comprender os motivos de enfado; e non optar así por ignoralos ou ata ridiculizalos. Os docentes poden ensinarlle a expresar a ira de xeito adecuado, permitíndolles transmitir as súas emocións e, ao mesmo tempo, limitando as súas reaccións negativas co fin de ensinarlle a expresar correctamente o seu enfado. Ademais disto é aconsellable que se lle poñan límites ao seu comportamento e ensinarlles condutas alternativas. Tamén a linguaxe en positivo será eficaz (Sureda, 2007). Segundo esta autora as liñas básicas de actuación para afrontar o enfado dos menores son o establecemento de normas, límites e consecuencias, un comportamento coherente por parte do adulto, e o emprego de poucos “non” pero moi claros.

Ao mesmo que a ira, o medo é unha emoción presente nos descendentes de familias rotas. A ansiedade producida pola separación nas primeiras etapas é moi alta. O medo manifestase a través do choro nos momentos de separación. É probable que tamén mostren medo a que sexan abandonados polo proxenitor custodio ou a que deixen de quereelos. Ademais, poden amosar máis rexeitamento e ansiedade a separarse dos seus pais e a aferrarse a obxectos que xa non utilizaban. Poden aparecer novos medos ou incluso intensificarse outros. O adulto debe dar tranquilidade e seguridade e permitirlle expresar dita emoción. O docente tamén deberá ser comprensivo coas regresións, ensinarlles técnicas de relaxación, falarlles con suavidade e empregar contos como recurso para expresar o seu medo e aprender a tranquilizarse (Sureda, 2007).

De acordo con Sureda (2007) a tristeza soe desencadearse ante a perda de algo que valoramos como importante; e a separación e o divorcio son entendidos como perdas. Os cambios que se asocian á tristeza son a apatía e a falta de interese, que soen diminuír a enerxía, tendendo ao choro. Se a tristeza se prolonga máis tempo do que se considera razoable pode dar lugar a procesos depresivos. A depresión vai acompañada de irritabilidade, nerviosismo, culpa e cólera. O profesor debe intentar que o menor acepte a tristeza en si mesmo, e axudarlle a expresala e que non desapareza por si soa.

É aconsellable que o mestre acepte as manifestacións de pena no neno e non as ignore nin minimize.

Enténdese como beneficioso o feito de traballar na aula aspectos relacionados co autoconceito, autoestima e autocontrol. Os mestres poden axudar ao seu alumnado a ser máis felices potenciando a autoestima e autocontrol da conduta. Para fortalecer a autoestima e autoconceito as actuacións docentes deberán ir encamiñadas a establecer expectativas altas pero realistas, ofrecerlles amor e aceptación incondicionais, ensinándolles un estilo cognitivo positivo. En canto ao autocontrol, pódenselle ensinar hábitos de control da impulsividade, medindo e valorando as consecuencias do seu comportamento e decisións. Tamén ensinarlles hábitos axeitados de esforzo e perseveranza (Sureda, 2007).

Barea et al. (2015) entenden como axeitado o feito de que os docentes reciban información sobre cómo tratar estes contidos na aula, co fin de dotalos de ferramentas para saber cómo actuar coa familia e co menor ante o divorcio, como abordar o tema na aula, etc. De acordo con Arce e Fariña (2007) a Convención sobre os Dereitos dos Nenos proporciona directrices a ter en conta co fin de respectar os dereitos dos nenos en situacións de ruptura familiar (ver Anexo 8).

2.4. Recomendacións para o centro educativo e outros profesionais

Barea et al. (2015) aconsellan que dende o centro escolar se intente recoller a maior cantidade de información posible sobre os cambios familiares, así os docentes dispoñerían de datos útiles como por exemplo qué días está con cada un dos proxenitores ou onde vive o cativo na actualidade. Tamén sería axeitado dispoñer das direccións de ámbolos proxenitores co fin de poñerse en contacto cos dous para as reunións de pais, ou outras actividades.

É aconsellable que dende a escola se ofrezca unha comunicación activa cos proxenitores, co fin de que os mesmos se sintan seguros para informar sobre certos acontecementos e ao mesmo tempo importantes na educación dos seus fillos, traducíndose isto nun traballo cooperativo entre proxenitores e a escola (Barea et al, 2015). Segundo Sureda (2007) é preciso que o docente se asegure de que a información chega a ámbolos proxenitores, que a comunicación co resto de profesionais e equipo educativo sexa a adecuada, e que teña claro qué pode facer e qué non.

Outra tarefa de especial interese é a de potenciar a colaboración familiar no contexto educativo (Barea et al, 2015). Para a intervención coas familias é crucial a recollida de información sobre a situación familiar das mesmas por diferentes vías, como poden ser cuestionarios ou entrevistas. Sería conveniente realizar entrevistas coas

familias, sobre todo cando se producen cambios do menor a nivel escolar e tamén aproveitar os contactos informais para intercambiar información. Do mesmo xeito, resulta beneficioso descubrir as singularidades das familias do alumnado co que se traballa, como punto de partida para accións futuras. Estes autores consideran que as reunións cos pais ofrecen a oportunidade de coñecer o progreso dos fillos e o centro escolar debe aproveitalas para que se sintan capaces de asistir e aportar algo. En relación a isto, é importante que o centro amose certa flexibilidade no caso de que os proxenitores non queiran acudir ao mesmo tempo. A titoría coa familia permite aos docentes coñecer a situación concreta da mesma e serviría para traballar aspectos como por exemplo cómo informar aos menores da situación, cómo implicarse ambos proxenitores na educación do cativo, ou cómo comportarse co pequeno. Débese ter en conta que a comunicación entre familia e profesores nas situacións de ruptura non sempre é sinxela, pois moitas non informan á escola e mesmo se afastan dela. O contacto coas familias reconstituídas tamén soe ser menor, e a relación cos pais ou nais separados diminúe debido ás dificultades para asistir as reunións.

Tomando como referencia a González e Guinart (2011) os profesionais nas entrevistas deben darlles ás familias a oportunidade de explicarse. Ademais é axeitado mostrar unha actitude de diálogo, profesional e libre de prexuízos. Tamén se deberá evitar facer valoracións ou xuízos innecesarios ou manter actitudes acusadoras ou esixentes. Do mesmo xeito, non se aconsella manifestar rexeitamento pola familia ou a súa situación, nin tampouco empregar un ton de voz agresivo ou ameazante.

De acordo con González (2001) ademais de coñecer a realidade familiar e de ofrecer horarios para que asistan ás reunións os dous proxenitores, recomenda que dende o centro educativo non se prevexan os problemas nin se etiquete aos descendentes de familias separadas, que se intenten cumprir as rutinas para ofrecer seguridade e se potencie unha relación máis próxima con algún dos profesionais. Este autor recalca a necesidade de formar e informar ao profesorado para que sexa sensible a certos sinais de alarma, que se ofrezca información dende o centro sobre os recursos dispoñibles na zona e se desenvolvan actividades informativas orientadas a familias.

2.5. Recursos para traballar o divorcio na aula de Educación Infantil

Existe un amplo abanico de materiais para incidir sobre a temática da ruptura familiar en idades temperás. No seguinte apartado preséntanse unha selección de recursos para traballar a temática do divorcio, co fin de servir como guía para os profesionais da educación. Ditos recursos céntranse no traballo co alumnado de Educación Infantil e preséntanse clasificados en función de se son para traballar co grupo

clase ou guía para os profesionais dos centros educativos. Para esta selección tívose en conta criterios como que fosen de fácil acceso, adaptados á idade do alumnado co que se vai a traballar, e que a temática principal fose a ruptura familiar (véxase Anexo 9).

Conclusiones

A ruptura familiar provoca un desequilibrio na vida de moitos menores que supón que centro educativo e mestres se atopen inmersos nos conflitos orixinados pola mesma. A relevancia da temática deste traballo reside no aumento de rupturas matrimoniais e o xurdimento de novos modelos familiares no contexto español, nos escasos estudos sobre os efectos nos menores españois, e na necesidade de ofrecer recursos e formación aos docentes para poder afrontar adecuadamente este reto profesional.

Tendo en conta dous dos obxectivos formulados no traballo, coñecer as consecuencias no rendemento escolar da ruptura familiar e as repercusións na aula de infantil, ao longo do Traballo de Fin de Grao deixase constancia das mesmas centrándose na etapa de Educación Infantil. En liñas xerais, deriva en problemas emocionais e de conduta, baixa autoestima, escasa motivación, empeoramento do rendemento académico e problemas de aprendizaxe (Orgilés et al., 2007; Santelices e Scaglioti, 2005). En ocasións, implica o xurdimento de comportamentos disruptivos, perrenchas, necesidade de atención permanente, ansiedade por separación e retrocesos no desenvolvemento (Robledo, 2010; Vázquez et al., 2014). Ponse en evidencia tamén a variabilidade dos efectos nos menores, destacando o papel que xogan os factores protectores e de risco ante a ruptura, dando así resposta ao segundo obxectivo proposto.

Pretendíase tamén a análise do papel do mestre. A literatura sitúao como figura clave ante a problemática, tendo información sobre o alumnado e as súas familias (Seijo et al., 2002), e descubriendo certos sinais de alarma na aula que posibilitan a detección de posibles conflitos na familia (González, 2001). Pode usar estratexias para ensinarlles a manexar os sentimentos, detectar cambios nas condutas, ofrecer unha relación afectiva e cálida, e establecer relacións estreitas coas familias, entre outras actuacións (Donoso, 2002). Pero en moitos casos, o profesorado non conta coa formación, estratexias ou recursos necesarios para afrontar esta realidade. É por iso que se ofrecen orientacións, suxestións e materiais encamiñados á intervención na aula de Educación Infantil., acadando así os obxectivos encamiñados a establecer pautas de actuación e brindar recursos específicos para intervir nestas situacións.

A continuación noméanse algunhas das achegas que a nivel profesional supuxo este estudo. Na elaboración deste Traballo Fin de Grao intégranse coñecementos teóricos sobre esta realidade, promóvense competencias relativas á planificación,

desenvolvemento e innovación da práctica educativa, fórmulanse obxectivos, selecciónase e traballase información sobre a temática, entre outras tarefas. O mesmo, permite valorar a necesidade de formación continua e a labor investigadora, como tarefas do docente; de establecer relacións coa familia e co contexto; e de amosar actitudes autocríticas e capacidade reflexiva sobre a propia práctica profesional. Do mesmo xeito, o traballo aporta estratexias para xestionar a relación co alumnado e suxestións de actuacións que redundarán no clima de aula, así como a importancia de realizar un seguimento e control da evolución educativa de cada suxeito.

A análise de fontes documentais constata a necesidade de formación do profesorado en temas relacionados coas actuais estruturas familiares e cos procesos de ruptura matrimonial, facéndose preciso que na formación inicial do profesorado se introduzan no curriculum coñecementos sobre esta temática. Na mesma liña, a revisión bibliográfica non ofrece resultados sobre a posta en marcha de programas intervención específica no ámbito escolar dirixidos a menores e proxenitores que pasan por situacións de ruptura familiar no noso contexto. Ademais, o estudo da literatura certifica que non hai moitas investigacións sobre a percepción dos menores sobre o divorcio ou separación, e que as análises realizadas no contexto escolar tampouco son frecuentes en España. Destaca tamén o feito de que escaseen as investigacións no contexto español que se centren nos menores de idades inferiores a seis anos.

A nivel de actuacións dende o centro educativo, a revisión bibliográfica non aportou resultados respecto a políticas nas que directamente inclúa a diversidade familiar ou actuacións ante situacións de ruptura familiar. Sería preciso que a escola tivese unha política sobre as transicións familiares, se asegurase de que ambos pais reciben información sobre os menores, e establececese relación con servizos especializados.

Á hora de realizar o Traballo de Fin de Grao xurdiron certas limitacións, como poden selo feito de acadar pouca información sobre os efectos da ruptura dos proxenitores no rendemento académico do alumnado; así como a relativa á actuación do mestre e do centro educativo ante tales problemáticas. A busca de recursos tampouco dou os froitos esperados, pois non foi posible a diversidade nos materiais nin tampouco actividades concretas ou iniciativas educativas onde se interviñese na problemática.

Se a finalidade da educación é o desenvolvemento xeral do suxeito, a labor docente debe sobrepasar as barreiras do estritamente académico. É por iso que é fundamental que se coñezan as circunstancias particulares de cada menor, tamén no relativo á situación familiar. Así mesmo, se perseguimos unha educación inclusiva a diversidade familiar deberá ser traballada na aula como algo positivo e enriquecedor. Se as nosas pretensións se encamiñan a conseguir que a escola sexa un espazo protector

para o alumnado onde se lles ofrezca seguridade, afecto e proximidade; e onde os docentes sexan capaces de compensar as carencias do ámbito familiar, faise necesario seguir traballando a prol dun tratamento axeitado destas problemáticas, mediante a información, formación, e concienciación de tódolos suxeitos implicados.

Referencias bibliográficas

- Alonso, B., Montes, A., Fariña, F. e Vázquez, M.J. (2015). Percepción del profesorado respecto a los efectos de la separación y divorcio. *Revista de Estudios e Investigación en Psicología y Educación*, 5, 133-136. doi: 10.17979/reipe.2015.0.05.534
- Amato, P. R. e Keith, B. (1991). Parental divorce and the well-being of children: A meta-analysis. *Journal of Marriage and the Family*, 53, 43-58. doi: 10.1037/0033-2909.110.1.26
- Arce, R. e Fariña, F. (2007). Un programa de intervención con menores en riesgo de desestructuración familiar. En F. J. Rodríguez e C. Becedóniz (Coords.), *El menor infractor. Posicionamientos y realidades* (pp. 264-279). Oviedo: Consejería de Justicia, Seguridad Pública y Relaciones Exteriores. Gobierno del Principado de Asturias.
- Barea, S., Ben-Yahia, Y., Luque, C. e Fernández-Molina, M. (2015). Experiencias sobre separación y divorcio en tres aulas de Educación Infantil. Una propuesta de intervención. *Ensayos, Revista de la Facultad de Educación de Albacete*, 30(2), 173-187.
- Bengoechea, P. (1992). Un análisis exploratorio de los posibles efectos del divorcio en los hijos. *Psicothema*, 4(2), 491-511.
- Cantón, J., Cortés, M.R., e Justicia, M. D. (2002). Las consecuencias del divorcio en los hijos. *Psicopatología Clínica, Legal y Forense*, 2(3), 47-66.
- Cantón, J., Cortés, M.R., Justicia, M.D. e Cantón, D. (2013). *Violencia doméstica, divorcio y adaptación psicológica. De la disarmonía familiar al desarrollo de los hijos*. Madrid: Ediciones Pirámide.
- Cantón, J. e Justicia, M.D. (2007a). Características del niño y adaptación al divorcio de los padres. En J. Cantón Duarte, M.R. Cortés Arboleda e M.D. Justicia Díaz (Eds.), *Conflictos entre los padres, divorcio y desarrollo de los hijos* (pp. 115-132). Madrid: Ediciones Pirámide.
- Cantón, J. e Justicia, M.D. (2007b). Programas para prevenir los problemas de adaptación de los hijos divorciados. En J. Cantón Duarte, M.R. Cortés Arboleda e

- M.D. Justicia Díaz (Eds.), *Conflictos entre los padres, divorcio y desarrollo de los hijos* (pp. 243-276). Madrid: Ediciones Pirámide.
- Carballal, A., Rodríguez, M.J. e Novo, M. (2003). Educación para la separación conyugal: beneficios de la cooperación conyugal. *Revista Galego-Portuguesa de Psicoloxía e Educación*, 8(10), 243-262.
- Cortes, M.R. e Cantón, J. (2007). Función moderadora del género, de la edad del niño y de las dimensiones del conflicto en la adaptación. En J. Cantón Duarte, M.R. Cortés Arboleda e M.D. Justicia Díaz (Eds.), *Conflictos entre los padres, divorcio y desarrollo de los hijos* (pp. 43-62). Madrid: Ediciones Pirámide.
- De La Torre, J. (2005). Las relaciones entre padres e hijos después de las separaciones conflictivas. *Apuntes de Psicología*, 23(1), 101-112.
- Donoso, T. (2002). Conocimiento de los educadores del impacto de la separación en preescolares. *Revista de Psicología de la Universidad de Chile*, 11(1), 117-128.
- Dowling, E. e Barnes, G. (2007). *Cómo ayudar a la familia durante la separación y el divorcio. Los cambios en la vida de los hijos*. Madrid: Morata D.L.
- Escapa, S. (2017). Los efectos del conflicto parental después del divorcio sobre el rendimiento educativo de los hijos. *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, 158, 41-58. doi:10.5477/cis/reis.158.41
- Fariña, F. e Arce, R. (2006). El papel del psicólogo en los casos de separación o divorcio. En J.C. Sierra, E. M. Jimenez e G. Buela- Casal (Coords.), *Psicología forense: Manual de técnicas y aplicaciones* (pp. 246-271). Madrid: Biblioteca Nueva.
- Fariña, F., Arce, R., Novo, M., Seijo, D. e Vázquez, M.J. (2001). *Ruptura de parella non de familia. Guía para pais*. Concello de Santiago de Compostela: Concellería de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego.
- Fariña, F., Arce, R., Seijo, M., e Novo, M. (2013). El hijo como víctima de los problemas de pareja: Un abordaje desde la justicia terapéutica. En S. P. Colín, E. García-López, e L. A. Morales (Coords.), *Ecós de la violencia, voces de la reconstrucción* (pp. 49-72). Morelia, Michoacán, México: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Morelia.
- Fariña, F., Carracedo, S., e Seijo, D. (2014). Influencia de la ruptura de los progenitores en el estado conductual de los hijos en la primera infancia. En R. Arce, F. Fariña, M. Novo e D. Seijo (Eds.), *Psicología jurídica y forense: Investigación- acción* (pp. 49-55). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Fariña, F., Martiñón, J.M., Souto, A. e García, A. (outubro, 2014). *La ruptura de los progenitores y el impacto en el estado de salud psicoemocional de los hijos*. Libro de Abstract . VIII Congreso Internacional de Psicología Jurídica y Forense, Santiago de

- Compostela, 110-111. Recuperado de: https://www.researchgate.net/publication/296585254_Libro_de_Abstracts_VIII_Congreso_InterNacional_de_Psicologia_Juridica_y_Forense
- Fariña, F., Novo, M., Arce, R. e Seijo, D. (2001). La importancia de los programas de intervención en la escuela para paliar los efectos negativos en los hijos de la separación y el divorcio de los padres. En Ruíz e outros (Coords.), *Aspectos didácticos y organizativos de la educación. Tendencias actuales* (pp. 281-288). Granada: Grupo Editorial Universitario.
- Fariña, F., Seijo, D., Arce, R. e Novo M. (2002). *Psicología Jurídica de la familia: Intervención de casos de Separación y Divorcio*. Barcelona: Cedecs Editorial.
- Fariña, F., Seijo, D., Novo, M., Arce, R. (2014). La justicia terapéutica en procesos de ruptura de pareja: El papel del psicólogo. En C. Chan, C. Estrada, e F. J. Rodríguez (Eds.), *Aportaciones a la psicología jurídica y forense desde Iberoamérica* (pp. 113-134). México, DF: Manual Moderno.
- Fernández, N. (2012). Los menores en los procesos de separación y divorcio. *Miscelánea Comillas*, 70(137), 533-561.
- González. R.M. e Guinart, S. (2011). *Alumnado en situación de riesgo social*. Barcelona: Graó.
- González, C. (2001). Separación y divorcio. En J. C. Torres Puente (Ed.), *Orientación familiar en contextos escolares* (pp. 193-206). Madrid: Universidad Pontificia Comillas.
- González, M.M., Morgado, B. e Sánchez- Sandoval, Y. (2002). Diversidad familiar y escuela. Primera evaluación del programa "Familias Diversas, Familias Felices". *Cultura y Educación*, 14(4), 431-440.
- Justicia, M.D. e Cantón, J. (2007). Problemas de adaptación de los hijos de divorciados. En J. Cantón Duarte, M.R. Cortés Arboleda e M.D. Justicia Díaz (Eds.), *Conflictos entre los padres, divorcio y desarrollo de los hijos* (pp. 93-113). Madrid: Ediciones Pirámide.
- Kñallinsky, E. (2001). *La participación de los padres en la escuela. El Guiniguada*, 10, 57-70.
- Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. Boletín Oficial del Estado, 106, de 4 de mayo de 2006.
- López-Larrosa, S. (2009). El sistema familiar ante el divorcio: factores de riesgo y protección y programas de intervención. *Cultura y Educación*, 21(4), 391-402.
- López, F. (2008). *Necesidades en la infancia y en la adolescencia: respuesta familiar, escolar y social*. Madrid: Pirámide.

- López, F. (2011). La separación de los padres durante la primera infancia. *Revista Padres y Maestros*, (340), 13-15.
- López, F. e Díez, M. (2009). Diversidad familiar en la escuela: guía de recursos didácticos. *Cultura y Educación*, 21(4), 453-465.
- López, F., Díez, M., Morgado, B. e González, M.M. (2008). Educación infantil y diversidad familiar. *XXI, Revista de Educación*, 10, 111-122.
- Martínez-Pampliega, A., Sanz, M., Iraurgi, I. e Iriarte L. (2009). Impacto de la ruptura matrimonial en el bienestar físico y psicológico de los hijos. Síntesis de resultados de una línea de investigación. *La Revue du REDIF*, 2, 7-18.
- Martiñón, J. M., Fariña, F., Corras, T., Seijo, D., Souto, A. e Novo, M. (2017). Impacto de la ruptura de los progenitores en el estado de salud física de los hijos. *European Journal of Education and Psychology*, 10(1), 9-14.
- Menéndez, S., Jimenez, L. e Lorence, B. (2008). Familia y adaptación escolar durante la infancia. *XXI, Revista de Educación*, 10, 97-110.
- Morgado, B. (2003). El divorcio desde una mirada de los niños. Una revisión teórica. *Revista de Ciencias y Orientación Familiar*, 26, 49-62.
- Morgado, B., Jiménez-Lagares, I. e González, M.M. (2009). Ideas del profesorado de primaria acerca de la diversidad familiar. *Cultura y Educación*, 21(4), 441-451. doi: 10.1174/113564009790002373
- Morgado, B. e Cairós, A. (2015). Aproximación a la experiencia infantil del divorcio parental: importancia de los apoyos, los contactos con el progenitor no custodio y la calidad de las relaciones familiares. Experiencia infantil del divorcio parental. *Revista de Psicología da Criança e do Adolescente*, 6(2), 13-17.
- Morgado, B. e González, M.M. (2012). Divorcio y ajuste psicológico infantil. Primeras respuestas a algunas preguntas repetidas. *Apuntes de Psicología*, 30(1-3), 351-360.
- Montenegro, H (2003). Separación matrimonial y conflicto conyugal. Sus efectos en los hijos. *Boletín Sociedad de Psiquiatría y Neurología de la Infancia y Adolescencia*, 14(1), 61-62.
- Novo, M., Arce, R. e Rodríguez M.J. (2003). Separación conyugal: consecuencias y reacciones postdivorcio de los hijos. *Revista Galego- Portuguesa de Psicología e Educación*, 10(8), 197-204.
- Novo, M., Carracedo, S. e Fernández, M. N. (2012). Ruptura de los padres y estado de salud de los hijos. En R. Quevedo- Blasco e V. J. Quevedo Blasco (Comps.), *Avances de la psicología clínica* (pp. 478-481). Granada, España: Asociación Española de Psicología Conductual.

- Novo, M. García, A. e Carracedo, S. (outubro, 2014). *El impacto de la ruptura de los progenitores en el ámbito académico y escolar de los niños*. Libro de Abstracts do VIII Congreso Internacional de Psicología Jurídica y Forense, Santiago de Compostela. Recuperado de: https://www.researchgate.net/publication/296585254_Libro_de_Abstracts_VIII_Congreso_InterNacional_de_Psicologia_Juridica_y_Forense
- Orgilés, M., Espada, J.P. e Piñeiro J. (2007). Intervención psicológica con hijos de padres separados: Experiencia de un Punto de Encuentro Familiar. *Anales de Psicología*, 23(2), 240-244.
- Orgilés, M., Espada, J.P. e García-Fernández, J.M. (2008). Miedos escolares en hijos de padres divorciados y no divorciados. *International Journal of Clinical and Health Psychology*, 8(3), 693-703.
- Orgilés, M., Espada, J.P. e Méndez, X. (2008). Trastorno de ansiedad por separación en hijos de padres divorciados. *Psicothema*, 20(3), 383-388.
- Orgilés, M. e Samper, M.A. (2011). El impacto del divorcio en la calidad de vida de los niños de 8 a 12 años de edad en la provincia de Alicante. *Gaceta Sanitaria*, 25(6), 490-494.
- Ortuño, A. e Lafuente, A. (2015). *Cómo separarse o divorciarse de forma inteligente. Pautas para afrontarlo de forma positiva y eficaz desde la familia*. Madrid: CEAPA.
- Pedro-Carroll, J. (2005). Fostering children's resilience in the aftermath of divorce: The role of evidencebased programs for children. *Family Court Review*, 43, 52-64.
- Pérez, C., Davins, M., Valls, C. e Aramburu, I. (2009). El divorcio: una aproximación psicológica. *La Revue du REDIF*, 2, 39-46.
- Pons-Salvador, G. e Del Barrio, V. (1995). El efecto del divorcio sobre la ansiedad de los hijos. *Psicothema*, 7(3), 489-497.
- Ramírez, M., Botella, J. e Carrobes, J.A. (1999). Creencias infantiles sobre la separación parental. *Psicología Conductual*, 7(1), 49-73.
- Real Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, Diario Oficial de Galicia, de 23 de xuño de 2009.*
- Ripol, A. (2015). Necesidades de los hijos e hijas inmersos en situaciones de separación de los padres. *Psicopatología Clínica, Legal y Forense*, 15, 15-27.
- Robledo, M.M. (2010). Profesores y mediación familiar como alternativa para una mejor adaptación de los niños ante el divorcio. *Revista de Intervención Psicosocioeducativa en la desadaptación Social*, 3, 31-40.
- Rodríguez, I. (2002). Infancia, ruptura matrimonial y diversidad familiar: Una aproximación sociológica útil al trabajo social. *Portularia* 2, 283-298.

- Rodrigo, M. e Palacios, J. (2005). *Familia y desarrollo humano*. Madrid: Alianza Editorial.
- Ruiz, D. (1997). Los hijos y la ruptura matrimonial. *Estudios de Juventud*, 39, 67-79.
- Santelices, L. e Scagliotti, J. (2005). *El educador y los padres. Estrategias de intervención educativa*. Santiago de Chile: Ediciones Universidad Católica de Chile.
- Seijo, D., Fariña, F. e Novo, M. (2000). Los menores ante la separación/divorcio de sus progenitores. En F. Fariña e R. Arce (Coords.), *Psicología Jurídica al servicio del Menor* (pp. 123-143). Barcelona: Cedecs Editorial.
- Seijo, D., Fariña, F. e Novo, M. (2002). Repercusiones del proceso de separación y divorcio. Recomendaciones programáticas para la intervención con menores y progenitores desde el ámbito escolar y la administración de justicia. *Publicaciones*, 32, 199-218.
- Seijo, D., Souto, A. e Arce, R. (setembro, 2009). *Separación y divorcio y su repercusión en la salud física y mental de los hijos*. Actas do X Congreso Internacional Galego-Português de Psicopedagogía. Braga, 2227-2235. Recuperado de: <http://www.educacion.udc.es/grupos/gipdae/documentos/congreso/xcongreso/pdfs/t5/t5c159.pdf>
- Seijo, D., Novo, M., Carracedo, S. e Fariña, F. (2010). Efectos de la ruptura de los progenitores en la salud física y psicoemocional de los hijos. *Revista Galega de Cooperación Científica Iberoamericana*, (19), 16-21.
- Seijo, D., Carracedo, S. e Fernández, M. N. (abril, 2012). *El divorcio de los padres desde la perspectiva de los hijos*. V Congreso Internacional y X Nacional de Psicología Clínica. Santander, 470-473. Resumen recuperado de: <http://www.ugr.es/~aepc/WEBCLINICA/DOCUMENTOS/librocapitulosXcongreso.pdf>
- Sureda, M. (2007). *Cómo afrontar el divorcio. Guía para padres y educadores*. Madrid: Wolters Kluwer España.
- Torío, S. (2004). Familia, escuela y sociedad. *Aula Abierta*, 83, 35-52.
- Valdés, A. A., Carlos, E. A. e Ochoa, J. M. (2010). Características emocionales y conductuales de hijos de padres casados y divorciados. *Revista Intercontinental de Psicología y Educación*, 12(1), 117-134.
- Valdés, A. A., Carlos, E. A., Urías, M., e Ibarra, B.G. (2011). Efectos del divorcio de los padres en el desempeño académico y la conducta de los hijos. *Enseñanza e Investigación en Psicología*, 16(2), 295-308.
- Vallejo, R., Sánchez-Barranco, F. e Sánchez-Barranco, P. (2004). Separación o divorcio: Trastornos psicológicos en los padres y los hijos. *Revista de la Asociación Española de Neuropsiquiatría*, 92, 91-110.

- Vázquez, M. J., Fariña, F. e Arce, R. (2005). *Programa ruptura de pareja, no de familia con menores preescolares: entrenamiento en estrategias dirigidas a flexibilizar el concepto de familia*. Comunicación presentada al VIII Congreso Galego- portugués de Psicopedagogía. Celebrado en Braga del 14 al 16 de septiembre.
- Vázquez, M.J., Fariña, F. e Alonso-Barcia, S. (setembro, 2013). *Atención a los procesos de separación y divorcio en la escuela, según la percepción de los maestros de educación infantil*. Actas do XII Congreso internacional Galego- Portugués de Psicopedagogía, Braga, 2018-2027. Recuperado de: <http://webs.ie.uminho.pt/xiigp/at5.pdf>
- Vázquez, M.J., Alonso- Armada, B. e Fariña F. (outubro, 2014). *El proceso de separación y divorcio en la educación infantil*. Libro de Abstracts VIII Congreso Internacional de Psicología Jurídica y Forense, Santiago de Compostela, 121-123. Recuperado de: https://www.researchgate.net/publication/296585254_Libro_de_Abstracts_VIII_Congreso_InterNacional_de_Psicologia_Juridica_y_Forense
- Velasco, P., Vázquez, M.J. e Seijo, D. (outubro, 2014). *Influencia de la estructura familiar en la superación del curso académico de los hijos: familias padres separados vs familias intactas*. Libro de Abstracts VIII Congreso Internacional de Psicología Jurídica y Forense, Santiago de Compostela, 116-117. Recuperado de: https://www.researchgate.net/publication/296585254_Libro_de_Abstracts_VIII_Congreso_InterNacional_de_Psicologia_Juridica_y_Forense
- Instituto de Política Familiar (2016). Informe evolución de la familia en España. Recuperado o (25/02/2017) de: <http://www.ipfe.org/Espa%C3%B1a/Documentos/IPF>
- Intituto de Política Familiar (2016). Informe sobre Nupcialidad y Ruptura en España (Noviembre 2015). Recuperado o (25/02/2017) de: <http://www.ipfe.org/Espa%C3%B1a/Documentos/IPF>
- Instituto Nacional de Estadística (2016). Estadística de nulidades, separaciones y divorcios. Año 2015. Recuperado o (25/02/2017) de: http://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736176798&menu=ultiDatos&idp=1254735573206
- Instituto Nacional de Estadística (2016). Estadística de nulidades, separaciones y divorcios. Serie 2004-2013. Recuperado o (25/02/2017) de: <http://www.ine.es/jaxi/Tabla.htm?path=/t18/p420/p01/a2013/l0/&file=01001.px&L=0>
- Instituto Nacional de Estadística (2016). Estadística de nulidades, separaciones y divorcios. Serie 2013-2015. Recuperado o (25/02/2017) de: <http://www.ine.es>

/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736176798&menu=results&idp=1254735573206

Instituto Nacional de Estadística (2016). Estadística de nulidades, separaciones y divorcios. Notas de prensa. Recuperado o (25/02/2017) de: <http://www.ine.es/prensa/np990.pdf>

Anexos

Anexo 1

Táboa 1


Criterios de exclusión e inclusión das obras bibliográficas.

Criterios de exclusión	Criterios de inclusión
Obras anteriores a 1990	Obras actuais e recentes
Obras do ámbito legal e xudicial	Obras publicadas nos idiomas galego, castelán e inglés
Obras centradas nas figuras parentais	Investigacións con poboación infantil
Información en rede sen referencias, de sitios webs sen veracidade, libros sen issn	Obras dispoñibles nas bibliotecas da Universidade de Santiago ou documentos en rede
	Investigacións no contexto español

Fonte: Elaboración propia.

Anexo 2

Evolución das disolucións matrimoniais (miles)



Fonte: Instituto Nacional de Estadística, 2016.

Anexo 3

Evolución das Nulidades, Separacións e Divorcios

	valores absolutos			
	TOTAL	Nulidades	Separacións	Divorcios
2015	101.357	144	4.652	96.562
2014	105.893	113	5.034	100.746
2013	100.437	110	4.900	95.427
2012	110.764	133	6.369	104.262
2011	110.651	132	6.915	103.604
2010	110.321	140	7.248	102.933
2009	106.166	127	7.680	98.359
2008	118.939	142	8.761	110.036
2007	137.510	150	11.583	125.777
2006	145.919	174	18.793	126.952

Fonte: Instituto Nacional de Estadística, 2016.

Anexo 4

Nulidades, separacións e divorcios por tipo de resolución

	Nulidades	Separacións	Divorcios
2015			
Total	144	4.652	96.562
Decreto	..	347	6.707
Sentencia	144	4.305	89.855

Fonte: Instituto Nacional de Estatística, 2016.

Anexo 5


Divorcios, nulidades e separacións por comunidades e cidades autónomas. Cifras absolutas, 2015

	Total	Nulidades	Separaciones	Divorcios
Total Nacional	101.357	144	4.652	96.562
Cataluña	18.898	52	785	18.062
Andalucía	17.959	30	899	17.030
Madrid, Comunidad de	13.785	13	583	13.189
Comunitat Valenciana	11.414	10	600	10.805
Galicia	5.754	5	256	5.494
Canarias	5.162	4	153	5.005
Castilla - La Mancha	4.181	11	232	3.938
Castilla y León	4.063	2	196	3.865
País Vasco	4.032	4	157	3.870
Aragón	2.984	2	129	2.853
Murcia, Región de	2.893	0	157	2.736
Balears, Illes	2.503	2	78	2.423
Asturias, Principado de	2.389	0	125	2.264
Extremadura	1.979	3	130	1.846
Cantabria	1.375	0	75	1.300
Navarra, Comunidad Foral de	1.184	5	61	1.119
Rioja, La	601	0	28	572
Melilla	199	3	7	190
Ceuta

Fonte: Instituto Nacional de Estadística, 2016.

Anexo 6

Tipoloxía de fogares monoparentais. Ano 2014.



Fonte: Instituto de Política Familiar, 2016.

Anexo 7

Obrigas dos proxenitores na separación ou divorcio

1. Obriga de separar o rol conxugal do parental, de xeito que pai e nai colaboren para dar unha resposta eficaz ás necesidades dos seus fillos e fillas.
2. Obriga de deixar á marxe das disputas conxugais aos fillos e fillas, centrándose no rol parental e nas necesidades de estes.
3. Obriga de tomar conciencia de que os fillos e fillas non son un ben ganancial a repartir, senón unha responsabilidade parental para ámbolos dous proxenitores.
4. Obriga de diminuír a tensión, destacando os aspectos positivos da separación ou divorcio.
5. Obriga de entender que a ruptura é un proceso traumático que afecta a todos os membros da familia e moi en especial aos fillos e fillas. Polo tanto, estes precisan axuda e apoio para superalo.
6. Obriga de procurar unha imaxe positiva do outro proxenitor, de modo que non se fomente o deterioro e descrédito da imaxe do outro.
7. Obriga de non permitir que os fillos e fillas escollan entre un ou outro proxenitor ou que decidan en que lugar queren vivir.
8. Obriga de manifestar e facer sentir aos seus fillos e fillas que sempre poderán contar con ámbolos dous proxenitores.
9. Obriga de dar oportunidade aos fillos e fillas de expresar os seus sentimentos, axudándolles a entender e superar as cognicións e emocións nocivas de xeito construtivo e positivo.

Anexo 8

Dereitos de nenos e nenas na separación ou divorcio dos proxenitores

(Ditados polo Tribunal de Familia de Wisconsin)

1. Dereito a ser tratados como persoas que teñen intereses e que están afectadas, e non como meras prendas ou posesións.
2. Dereito a expresar os seus sentimentos sobre a separación ou divorcio.
3. Dereito de querer ao seu pai e á súa nai sen ter sentimentos de presión, culpa ou rexeitamento.
4. Dereito a non atoparse nun conflito de lealdades e a non ser alienado en contra de ningún dos seus proxenitores.
5. Dereito a que non lle pregunten sobre a elección dun ou outro proxenitor ou en que lugar prefire vivir.
6. Dereito a manter unha relación produtiva e construtiva con cada proxenitor.
7. Dereito a non ter que tomar decisións propias de adultos.
8. Dereito a seguir sendo nenos e nenas, sen ter responsabilidades de adultos, sen ter que ser “coidadores de seus pais” ou asumir tarefas propias destes.
9. Dereito a non inmiscirse nun xogo doloroso entre ámbolos dous proxenitores.
10. Dereito a manter un nivel e apoio económico axeitado e proporcionado por ambos proxenitores.
11. Dereito a aprender comportamentos axeitados a través do exemplo de seus proxenitores.
12. Dereito a ter amigos e a participar en actividades escolares e da comunidade.
13. Dereito a lograr éxito académico e prepararse para ser autónomos e independentes.
14. Dereito a coñecer as súas orixe e a formar a unha identidade persoal baseada nas súas experiencias.

Anexo 9

Recursos para traballar o divorcio

▪ **Materiais para traballar co alumnado**

“As dúas casas de Alicia”

Autor/es: Christelle Vallat, Editorial: Baia Edicións, Ano: 2013

“Pobi ten dúas casas”

Directores: Francisca Fariña e Ramón Arce, Ano: 2001 (véxase Anexo 10)

“Teño dúas casas”

Autor/es: Paloma Rodríguez e Cristina Justo, Editorial: Embora, Ano: 2013

“El mar a rayas”

Autor/es: Susana Barragués Sainz, Ano: 2007, Editorial: A. Fortiori

“Dos puercoespines felices: la historia de una separación con respeto”

Autor/es: Carmen Baldominos Escribano, Editorial: Cariño

“Estoy triste mis padres se separan”

Autor/es: Laura Klamburg, Editorial: Bellaterra, Ano:2011

“Las trenzas del abuelo”

Autor/es: Nuria Figueras e Roger Olmos, Editorial: Kalandraka ,Ano:2003

“La novia de papá también me quiere”

Autor/es: Nuria González García e Carles Alberdi, Editorial: 451, Ano:2009

“Los padres de Sara se separan”

Autor/es: Christina Lamblin, Editorial: Edelvives, Ano: 2002

“Vivo en dos casas”

Autor/es: Marian De Smet e Nynke Talsma, Editorial: Malsinet, Ano:2008

Colección *“Simón”*

Autor/es: Juliet Pomés Leiz, Editorial:Tusquets Anos: 2003, 2004 e 2005

“Vivo en dos casas...¿y qué?”

Autor/es: Miren Agur Meabe, Editorial: La Galera, Ano: 2003

“Todo doble o cómo divorciarse con buen humor”

Autor/es: Babette Cole, Editorial: Destino, Ano: 1997

“Cuando mis padres se olvidaron de ser amigos”

Autor/es: Jennifer Moore-Mallinos, Editorial: Gemser, Ano: 2004

“Leoncito tiene dos casas”

Autor/es: Paule Brière, Editorial Edelvives, Ano: 2003

“No es tu culpa, Koko oso”

Autor/es: Vicki Lansky, Editorial: Book Peddlers, Ano: 1999

“Una casa de mamá y otra de papá”

Autor/es: Maria Lorena Pérez y Verónica Parada, Editorial: Longseller S.A., Ano: 2002

“El divorcio de papá y mamá oso”

Autor/es: Cornelia Maude Spelman, Editorial: Grupo Editorial Norma, Ano: 2002

“¡Vaya lío de familias!”

Autor/es: Pascale Francotte, Editorial: La Galera, Ano: 2008

“El espejo en casa de mamá y papá”

Autor/es: Luis Amavisca e Betania Zacarias, Editorial: Nubeocho, Ano: 2017

“Cuando papá y mamá se separan”

Autor/es: Emily Menéndez-Aponte, Editorial: San Pablo, Ano: 2009

“¿Cuándo se irán estos?”

Autor/es: Ute Krause, Editorial: Juventud

“Los juegos de Berta.”

Autor/es: Clara Redondo e Chema Gómez de Lora, Editorial: CEAPA, Ano: 2008

▪ **Materiais para profesionais**

“El divorcio explicado a los niños: cómo ayudar a los niños a afrontar el divorcio de sus padres”

Autor/es: Cynthia MacGregor, Editorial: Obelisco, Ano: 2004

“En lo bueno y en lo malo: la experiencia del divorcio”

Autor/es: Mavis Hetherington e John Kelly, Editorial Paidós, Ano: 2005

“Y los niños...¿qué? Cómo guiar a los hijos, antes, durante y después del divorcio”

Autor/es: Judith Wallersteins e Sandra Blakeslee, Editorial: Granica, Ano: 2006 *“Modelos de familia. ¿Qué es lo que de verdad cuenta?”*

Autor/es: Susan Golombok, Editorial: Grao, Ano: 2006

“Cuentos para enseñar a tus hijos a entender el divorcio”

Autor/es: Janet Jonhson, Editorial: Paidós, Ano: 2002

“Tenemos que hablar: cómo evitar los daños del divorcio”

Autor/es: Jose Manuel Aguilar, Editorial: Taurus, Ano: 2008

“El niño ante el divorcio”

Autor/es: Encarna Fernández e Carmen Godoy, Editorial: Pirámide, Ano: 2005

“Cómo afrontar el divorcio. Guía para padres y educadores”

Autor/es: Maria Sureda Camps, Editorial: Wolter Kluwer, Ano: 2007

“Cómo ayudar a la familia durante la separación y divorcio: los cambios en la vida de los hijos”

Autor/es: Emilia Dowling, Editorial: Morata, Ano: 2007

“Cómo explicar el divorcio a los niños: un manual para adultos”

Autor/es: Roberta Beyer e Kent Winchester, Editorial: Oniro, Ano: 2009

“Hijos felices de padres separados: sobre la separación y cómo afecta a los niños”

Autor/es: Remo H. Largo e Monika Czernin, Editorial: Médici, Ano: 2005

“A parentalidade positiva”

Autor/es: Francisca Fariña, Ramón Arce, Mercedes Novo e Dolores Seijo, Xunta de Galicia, Ano: 2016 (véxase Anexo 11)

- **Programas de intervención**

“Ruptura de pareja, no de familia”. Pretende sensibilizar sobre a importancia da colaboración parental aos pais. En canto aos fillos busca ensinalles a afrontar os conflitos de forma positiva, a expresar sentimentos, e aumentar a autoestima entre outros.

<http://www.usc.es/programaruptura/>

CODIP (Children of Divorce Intervention Program) de Pedro- Carroll. Programa grupal encamiñado a apoiar, identificar sentimentos, normalizar, e desenvolver habilidades e percepcións positivas dos nenos sobre si mesmos e sobre as súas familias.

<https://www.childrensinstitute.net/programs/codip>

- **Outros recursos**


<http://www.usc.es/programaruptura/pobigalego.html>

<http://parentalidadpositiva.com/parentalidapositiva>

Anexo 10


Conto de “Pobi ten dúas casas”





*i*Pobi
ten
dúas
casas!

¿ Amigo...
gustaría che
coñecer a
historia de
Pobi e dos
seus pais ?
Seguro que
che vai
gustar.



Pobi é un peixe
voador, e é moi
coñecido e
apreciado nesta
parte do mar.
O seu papá é
Nuke, un paxaro
cantor, e a súa
nai é Flina, un
peixe de cores.
Pobi pode voar
e pode nadar,
e fai as dúas
 cousas moi ben.
o seu mellor
amigo é Cuquete.


Cuquete é un cuco, é un paxaro moi simpático de plumas moi brillantes a el lle gusta moito xogar ás agachadas.

Un día atopáronse na beira da praia.

¿Cuqué, Pobi!-dixo Cuquete-¿Xogamos pouco ás agachadas?

Non-contestou Pobi con voz tristeira- non me apetece.

¿Que che pasa?-preguntou Cuquete dando un saltiño na area.



Pobi quedou calado e coa cabeza baixa.
Cuquete achegouse a el e dixolle:

Se non me contas o que che pasa
non che vou poder axudar.

Pobi levantou un pouco a cabeza e,
ollando para Cuquete con cara triste,
dixolle:

Teño medo de perder ós meus pais.
¿Perder os teus pais? ¿Como é iso? -
sobresaltouse Cuquete.

Porque estiveron a discutir e escoiteilles dicir
que non poden vivir xuntos e que se van
separar porque son
moi diferentes.



¡Ah!, xa entendo- dixo pensativo Cuquete.

E ademais preguntáronme: ¿ con quen che gustaría ir vivir, co teu pai ou coa túa nai?

¿ E ti que lles dixeches?

Púxenme moi nervioso e saín correndo da casa, e cando estiven só, chorei, porque eu quero estar co meu pai e coa miña nai, porque eu non quero que se separen, e quero vivir cos dous.



Cuquete, dándolle unha aperta a Pobi, díxolle: Xa entendo por qué estás triste, pásache o mesmo có meu amigo Bucefalín, o meu amigo o cabaliño de mar, ese tan divertido. El tamén quería estar co seu pai e a súa nai, pero a súa nai era unha egua e o seu pai un peixe e díxéronlle que os seus mundos non eran compatibles, e que non podían continuar xuntos, porque xuntos non ían ser felices.

A nai de Bucefalín botaba en falta os verdes prados e o seu pai, o grande mar azul. Entón díxéronlle que escollera con quén quería ir vivir. A súa nai quería a levalo para o campo e o seu pai quería telo ó seu carón no mar.



¿ que pasou ?-preguntou Pobi moi
interesado.

Por que non llo preguntas a el? Vive
aquí ó carón-contestou Cuquete.

Non me gusta falar destas cousas,
dáme vergoña- dixo apesarado Pobi.

Non te preocupes, xa verás como
Bucefalín é moi simpático e, ademais,
estades en casos moi parecidos e
seguro que el comprende como te
sentes.



foron cara a unha praia próxima,
onde estaban xogando Bucefalín
e outros animais mariños.

Ola, rapaces!- saudou Cuquete
chimpando pola area.

Ola!- contestaron a coro
Bucefalín e os seus amigos.


Cuquete e Pobi
achegáronse a Bucefalín.


Este é Pobi-dixo Cuquete.

Ola Pobi, ¿ como estás ?

Pois, verás...

Bucefalín-dixo Cuquete-a
Pobi pásalle algo parecido
ô que che pasou a ti, xa
sabes, o de teu pai e túa
nai... e gustaríanos que
nolo contaras.





¡Ai, si! Ben, pois, ó principio, deume moito medo e paseino moi mal, enfadeime con eles e con todas, chorei moito... Eu pensaba que fixera algo malo e que se separaban pola miña culpa, e estaba moi triste.

Coma min- dixo Pobi.

Os meus pais- seguiu Bucefalín- ó verme tan triste, dixéronme que eu non tiña a culpa, que se separaban porque son moi diferentes, e que lles gusta facer cousas distintas, e case nunca se entenden entre eles.

Pero están de acordo en que os dous me
queren moito. E entón-continuou Bucefalín-
o meu pai e a miña nai explicáronme que tiña
que ir con un dos dous.

Vaia!-exclamaron a un tempo Pobi e
Cuquete-¿ E que pasou ?

Pois como o mellor para min, que son un
cabaliño de mar, é estar preto da auga,
quedei co meu pai, que é un peixe e vive
no mar. Pero tódalas semanas e durante
as vacacións vexo á miña nai e vou á
súa casa. Querêmonos moito e tamén
son feliz alí.


¿ E iso non é moi complicado ?-preguntou
Pobi- Ir a un sitio e logo a outro...



¡Que vai ser!- dixo Bucefalín- Ó principio todo é moi raro, tes dúas casas a onde ir, pero rapidamente te acostumas. Cando o pasei un pouco mal, foi na escola, porque eu pensaba que era diferente ás meus amigos, porque os seus pais vivían na mesma casa, as dúas as levaban á escola, de paseo.

Axíña me dei conta de que todos seguían a quererme, e cando me preguntaban polos meus pais, facíano porque me vían algo triste e se preocupaban por min. Comprendín que para os mestres e os compas seguía a ser o mesmo Bucefalín. E ¿sabedes o mellor?

¿Que? -dixeron Pobi e Cuquete a coro.



...e miña nai casou cun cabalo
e carreiras e tiveron un poldriño,
meu pai é mozo dunha cigala
e ten dúas crías.

...Vai barullo!-exclamou Pobi moi
...rio.

...Que vai ser!-dixo Bucefalín-
...moi divertido.

Agora teño tres irmanciños cos que xogar e
lévome ben con toda esta nova familia. Ás
vezes xuntámonos todos para facer unha
comida e cantamos e contamos chistes. E o
meu pai e a miña nai xa non discuten nin
berran, e son máis felices que cando vivían
na mesma casa, e aínda que xa non viven
xuntas, quèrenme moito os dous e
preocúpanse por min.



Non sei-dixo Pobi pensativo-Se teño que ir
vivir só coa miña nai e ver soamente de
cando en vez ó meu pai...



¡Pois terás moita sorte! exclamou de súpeto Cuquete.

¿Sorte?, ¿e como é iso? -dixo Pobi.
De golpe saíu de debaixo da auga un pequeno cangrexo cunhas pinzas moi paveras interrompendo a conversa.
¡Ola! -saudou- chámome Coralín e non puiden evitar escoitarvos mentres me mergullaba.

¿Sabes? -dixo mirando para Pobi- Bucefalín tiña razón, es afortunado, eu só vexo ó meu pai unha vez ó ano porque está a traballar no mar do norte é élle moi difícil vir vernos á miña nai e a min.

Unha vez-continuou- non puido vir porque había unha mancha de cru e non puido atravesar o mar e pasei case dous anos sen velo. Ó teu pai poderás velo sempre que queiras e falar con el, eu teño que esperar moito tempo para poder estar co meu pai uns poucos días.


¡Vaia!-dixo Pobi-é certo, non pensara niso, o meu pai non vai ir moi lonxe de min.

Nese momento escoitaron que os chamaban os amigos cos que xogaba Bucefalín. ¡Eh, rapaces! Imos xogar ás agachadas, ¿apuntádesvos?

¡Ben!-berrou Cuquete-¡ imos xogar todos! E foron xogar ás agachadas ata a hora da merenda. E pasárono moi ben. Pasaron dous anos... Pobi vive coa súa nai e pasa moito tempo co seu pai. Ás veces, tamén fan cousas as tres xuntas, e é un peixe voador moi feliz.

Coma ti, querido...sabe que o seu pai e a súa nai lle queren moito, e coma ti, el tamén lles quere.






¡ Pobi ten dúas casas !

Anexo 11

Parentalidade positiva. Guía para técnicos e profesionais



A Parentalidade Positiva



**O mellor legado
para os fillos e fillas**

GUÍA PARA TÉCNICOS E PROFESIONAIS

XUNTA DE GALICIA

Introducción

A perspectiva da infancia sofre un importante cambio no marco xurídico internacional cando en 1959, grazas á Declaración de Dereitos do Neno (ONU, 1959) se considera por primeira vez os menores de idade como un obxecto de protección ao ter en conta que pola súa falta de madurez física e mental, precisa unha protección e coidado especiais, así como a pertinente protección legal. No ano 1989, esta iniciativa consolídase mundialmente en forma da Convención de Dereitos do Neno (ONU, 1989), asinada pola maioría dos Estados, incluído o noso. Polo tanto, todas as actuacións que impliquen directa ou indirectamente a infancia e a adolescencia deben estar enmarcadas baixo esta normativa, sendo obriga dos Estados asinantes adoptar as medidas necesarias para garantir os devanditos dereitos. Dita convención, no seu artigo décimo oitavo advirte que é responsabilidade dos proxenitores a crianza e desenvolvemento dos seus fillos e fillas, conforme ó seu superior interese, á vez que insta aos Estados a brindar a asistencia necesaria para iso. Nesta liña de promoción do benestar dos menores foron múltiples os esforzos e políticas que tratan de mellorar ou optimizar o seu contexto máis inmediato de educación e soporte emocional, isto é, a familia, a cal está recollida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos (ONU, 1948) como o elemento natural e fundamental da sociedade e que debe gozar da protección por parte desta e do Estado. O concepto de familia evolucionou nos últimos anos, tanto na súa estrutura como na súa dinámica, xerando novas necesidades nos seus integrantes, que o marco social e político deben atender. En Europa, fai unha década que a Parentalidade Positiva comeza a consolidarse como un mecanismo máis de protección á infancia, cando o Consello de Europa impulsou coa Rec(2006)19 o desenvolvemento de políticas que promovan o exercicio positivo da parentalidade ao mesmo tempo có fomento das medidas necesarias para que as familias estean en condicións de exercela (por exemplo, o impulso por parte das institucións do acceso a axudas e a recibir apoio). Para iso recomendan o establecemento de directrices ou de guías de calidade para os profesionais ou persoas que teñan un impacto indirecto no desenvolvemento dos menores e os seus dereitos, nas que se establezan puntos de referencia ou estándares para a promoción da Parentalidade Positiva. Dende Europa, son diferentes as propostas que instan aos Estados membros a pór en marcha accións de apoio para o exercicio positivo da parentalidade (Rec. 2006/19). Materialízase así un chamamento ao exercicio da parentalidade, baseándose no interese superior dos fillos e fillas, coidándoos e fomentando o seu pleno desenvolvemento á vez que se establezan límites, brindando recoñecemento e orientación, e realizando todo isto de maneira non violenta. Así mesmo, fomentan un exercicio equitativo da parentalidade ao instar á igualdade e corresponsabilidade insistindo na necesidade de que ambos proxenitores asuman de modo compartido a responsabilidade sobre os seus fillos e fillas (Resolución 2019/2015) e impulsando a capacidade de conciliación do traballo coa vida privada e a corresponsabilidade (Resolución 1921/2013). A administración e os técnicos e profesionais, como axentes de axuda e apoio ás familias, están nunha posición privilexiada para a detección das necesidades que presentan os pais e nais no desenvolvemento das súas funcións parentais e para facilitar os recursos necesarios para exercer a parentalidade axeitadamente.

A presente guía deseñouse para os técnicos e profesionais que traballan con menores e as súas familias. Nela poden atopar información sobre o exercicio da Parentalidade Positiva e os beneficios da súa promoción nas familias, especialmente nos nenos e nenas.

Principios da Parentalidade Positiva

I. SATISFACCIÓN DAS NECESIDADES DOS NENOS, NENAS E ADOLESCENTES

Os nenos, nenas e adolescentes teñen necesidades físicas e biolóxicas, cognitivas e mentais, e sociais e emocionais:

Físicas e biolóxicas

- Coidados básicos.
- Saúde.
- Protección.

Cognitivas e mentais

- Estimulación sensorial.
- Adquisición de coñecementos sobre a realidade que os rodea.
- Adquisición de habilidades de vida.
- Adquisición dun sistema de valores e normas.
- Formación académica e profesional.

Sociais e emocionais

- Seguridade emocional.
- Rede de relacións sociais.
- Desenvolvemento psicoafectivo.

Así como outras **necesidades de carácter socio-emocional e cognitivo**: de comunicación e participación, de convivencia familiar positiva, de xestión e resolución de conflitos de xeito construtivo, de recoñecemento, ou de adquisición de autonomía responsable.

II. RESPECTO DOS SEUS DEREITOS

Toda actuación que afecte directa ou indirectamente á infancia debe estar guiada polo respecto aos dereitos recollidos na **Convención de Dereitos do Neno** (ONU,1989) como son, entre outros, o dereito á familia, á saúde, á educación, ao xogo, ou á protección de múltiples riscos.

III. RESPONSABILIDADE DOS PROXENITORES

Son responsabilidades dos proxenitores:

- Coñecer e satisfacer as necesidades particulares dos seus fillos e fillas.
- Coñecer, respectar e promover os dereitos dos seus fillos e fillas.
- Coñecer e promover o cumprimento das responsabilidades dos seus fillos e fillas.

Para poder cumprir con estas responsabilidades requírese do benestar mental e físico dos proxenitores, e así mesmo que estes dispoñan de apoios, que utilizados de xeito responsable, contribúan ao exercicio positivo da parentalidade.

TRABALLAMOS A PARENTALIDADE POSITIVA PORQUE AOS NENOS, NENAS E ADOLESCENTES LLES ACHEGA:

- Desenvolvemento do apego seguro e positivo.
- Independencia responsable e tolerancia.
- Potenciación das súas capacidades:
 - Xestión positiva das emocións.
 - Confianza nun mesmo e autoestima.
 - Superación das propias limitacións.
 - Tolerancia á frustración.
 - Resolución positiva dos problemas e conflitos.
 - Habilidades e competencias sociais.
 - Resiliencia.



O exercicio da Parentalidade Positiva leva Benestar e Felicidade aos nenos, nenas e adolescentes.

TRABALLAMOS A PARENTALIDADE POSITIVA PORQUE AOS PAIS E NAIS LLES PERMITE:

- Coñecer mellor os seus fillos e fillas.
- Axudar máis e mellor aos seus fillos e fillas.
- Xestionar positivamente o estrés e as crises na familia.
- Poñer en valor a faceta de proxenitor.
- Asumir as responsabilidades parentais sen sobrecargas.
- Dar seguridade no exercicio da parentalidade.



LEMBRE

O exercicio positivo da parentalidade leva a atender axeitadamente as necesidades dos nenos, nenas e adolescentes, reduce situacións de risco para eles e incrementa o seu benestar.

TRABALLAMOS A PARENTALIDADE POSITIVA PARA QUE OS PAIS E NAIS COÑEZAN:

- Os dereitos e responsabilidades dos proxenitores.
- Os dereitos e responsabilidades dos fillos e fillas.
- As necesidades e intereses dos menores en función da idade.
- As capacidades, destrezas e limitacións de si mesmos.
- As características e necesidades específicas de cada fillo e filla.
- Os riscos da parentalidade non positiva.

TRABALLAR A PARENTALIDADE POSITIVA AXUDA AOS PAIS E NAIS A MELLORAR ACTITUDES E COMPORTAMENTOS COS SEUS FILLOS:

- Darlles amor e cariño.
- Ofrecerlles tempo de calidade en familia.
- escoitalos e comunicarse con eles.
- Apoialos, aconsellalos e orientalos.
- **Educalos e formalos con disciplina positiva:**
 - Establecerlles límites e normas e facelas cumprir.
 - Reforzarlles os comportamentos positivos.
 - Corrixirlles os comportamentos inapropiados.
 - Ter coherencia no comportamento parental.
- **Fomentarlles:**
 - Responsabilidade e compromiso coas obrigas persoais, familiares, escolares e sociais.
 - Hábitos saudables de alimentación, hixiene, descanso, ocio e actividade física.
- **Fortalecerlles:**
 - A autoestima e autoconcepto.
 - A autonomía responsable.

Son condutas incompatibles coa Parentalidade Positiva

Permisividade

Pasividade

Incoherencia

Violencia e agresividade

Desconfianza

**Discrepancia educativa entre os adultos
responsables dos nenos, nenas e adolescentes**

**Exposición dos nenos, nenas e adolescentes a
información e contidos impropios para a súa idade**

LEMBRE

A Parentalidade Positiva **non é educar con violencia**
nin tampouco **consentir ou malcriar**.

A Parentalidade Positiva é ensinar aos nenos, nenas e
adolescentes, con **cariño e firmeza**, a ser persoas
responsables, autónomas e felices.

LEMBRE

Os nenos, nenas e adolescentes máis felices non son os
que fan o que queren e teñen todo o que piden.

Os nenos, nenas e adolescentes **máis felices** son os
que **teñen o que necesitan**, non o que antoxan, e
poden gozar diso e aprecialo.

Consecuencias dun exercicio inadecuado da parentalidade


O inaxeitado cumprimento da función de coidado e educación dos nenos, nenas e adolescentes podería implicar as seguintes consecuencias para eles:

- × Alteracións na saúde física.
- × Problemas de desenvolvemento.
- × Sentimento de non ser querido, valorado ou aceptado.
- × Dificultades na autorregulación emocional e autocontrol.
- × Inseguridade, ansiedade, baixa tolerancia á frustración.
- × Desenvolvemento inadecuado das habilidades sociais.
- × Dificultades para interiorizar valores morais positivos.
- × Pobre desenvolvemento da súa autonomía e autoestima.
- × Sufrimento emocional.
- × Dificultade para acatar as normas.
- × Problemas de conduta.
- × Comportamentos disruptivos.
- × Problemas escolares.



Que pode facer como profesional que traballa coa infancia, adolescencia e as súas familias?

- ✓ **Salvagardar os dereitos** dos menores e as súas familias.
- ✓ **Recoñecer a diversidade familiar** na sociedade actual e non impoñer modelos únicos.
- ✓ **Informar e sensibilizar** aos proxenitores sobre o impacto da parentalidade positiva no benestar dos seus fillos e fillas.
- ✓ **Recoñecer e fomentar** as fortalezas dos proxenitores.
- ✓ **Promover a adquisición de competencias** nos proxenitores para desenvolver de xeito autónomo as función parentais.
- ✓ **Detectar** posibles **situacións de risco** relacionadas cun inaxeitado exercicio da parentalidade.
- ✓ Levar a cabo **intervencións** tanto **preventivas** como **dinamizadoras e compensatorias**.



Para máis información sobre a Parentalidade Positiva pode dirixirse á páxina web:



www.parentalidadpositiva.com

Pode contactar co equipo de Parentalidade Positiva a través do correo electrónico:

informacion@parentalidadpositiva.com



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Universida de Vigo

